

GUÍA DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS FRONTE AO IMPACTO DO COVID-19



SUMARIO

- 1. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS NO ÁMBITO LABORAL (PÁX. 4)**
 - a) **PRESTACIÓN EXTRAORDINARIA PARA PERSOAS AUTÓNOMAS (PÁX. 4)**
 - b) **ERTE POR FORZA MAIOR (PÁX. 5)**
 - c) **ERTE POR CAUSA ECONÓMICA, TÉCNICA, ORGANIZATIVA E DE PRODUCCIÓN (PÁX. 9)**
 - d) **EXENCIÓN COTIZACIÓN PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS (PÁX.11)**
 - e) **APRAZAMENTO DOS PAGOS DAS COTAS Á SEGURIDADE SOCIAL (PÁX. 11)**
 - **APRAZAMENTO DOS PAGOS DAS COTAS DE ABRIL Á SEGURIDADE SOCIAL**
 - **APRAZAMENTO DOS PAGOS DAS COTAS DE MAIO, XUÑO E XULLO Á SEG. SOCIAL**
 - f) **MEDIDAS EN MATERIA DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO (PÁX. 12)**
 - **PROTECCIÓN POR DESEMPREGO COMO CONSECUENCIA DUN ERTE**
 - **PRESTACIÓN POR DESEMPREGO PARA PERSOAS TRAB. SOCIAS COOPERATIVAS**
 - **REPOSICIÓN DE PRESTACIÓNS A TRABALLADORAS/ES FIXOS DESCONTINUOS**
 - **PROTECCIÓN POR DESEMPREGO A TRABALLADORAS/ES QUE REALIZAN TRABALLOS FIXOS E PERIÓDICOS QUE SE REPITEN EN DATAS CERTAS**
 - **PROTECCIÓN POR DESEMPREGO PARA ARTISTAS DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS**
 - **EXCEPCIÓN TEMPORAL DOS EFECTOS DE PRESENTAR FÓRA DE PRAZO AS SOLICITUDES DE PRESTACIÓN POR DESEMPREGO**
 - **EXCEPCIÓN TEMPORAL DA OBRIGA DE SOLICITAR A PRÓRROGA DO SUBSIDIO POR DESEMPREGO E DE PRESENTAR EN PRAZO A DECLARACIÓN ANUAL DE RENDAS**
 - **DESEMPREGO POR EXT. DA REL. LABORAL NO PERÍODO DE PROBA OU DESESTIMENTO DE CONTRATACIÓN NUNHA NOVA ENTIDADE DURANTE O ESTADO DE ALARMA**
 - g) **SUBSIDIO EXCEPCIONAL POR FIN DE CONTRATO TEMPORAL (PÁX. 17)**
 - h) **SUBSIDIO PARA PERSOAS EMPREGADAS DO FOGAR (PÁX. 18)**
 - i) **PERMISO RETRIBUÍDO RECUPERABLE (PÁX. 19)**
 - j) **DISPONIBILIDADE DOS PLANS DE PENSIÓNS EN CASO DE DESEMPREGO OU CESE DE ACTIVIDADE (PÁX. 20)**
- 2. AXUDAS PARA PERSOAS TRABALLADORAS CON COVID-19 OU EN ILLAMENTO PREVENTIVO (PÁX. 21)**
- 3. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ESPECIAL APOIO A PEMES E PERSOAS AUTÓNOMAS (PÁX. 21)**
 - a) **APRAZAMENTO DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS (PÁX. 21)**
 - b) **AMPLIACIÓN PRAZO PRESENTACIÓN IMPOSTOS (PÁX. 22)**
 - c) **CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS DE PRÓXIMA CADUCIDADE (PÁX. 22)**
 - d) **APRAZAMENTO DE REEMBOLSO DE PRÉSTAMOS Á SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DA PEQUENA E MEDIANA EMPRESA (PÁX. 23)**
 - e) **LIÑA ICO SECTOR TURÍSTICO E ACTIVIDADES CONEXAS COVID-19/THOMAS COOK (PÁX. 23)**
 - f) **LIÑA DE AVAIS PARA GARANTIR A LIQUIDEZ DE AUTÓNOMOS E EMPRESAS (PÁX. 24)**
 - g) **LIÑA DE FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA PARA PEMES E PERSOAS AUTÓNOMAS (PÁX.25)**
 - h) **APRAZAMENTO DAS COTAS DOS PRÉSTAMOS FORMALIZADOS COA XUNTA DE GALICIA MEDIANTE XESGALICIA (PÁX. 25)**
 - i) **SUSPENSIÓN DOS PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE ALGÚNS IMPOSTOS AUTONÓMICOS (PÁX. 26)**
 - j) **LIÑA FINANCIAMENTO REESTRUTURACIÓN DE PROCESOS PRODUTIVOS PARA FABRICAR EQUIPOS DE PROTECCIÓN (PÁX. 26)**
 - k) **AMPLIACIÓN PRAZO SOLICITUDE PAC 2020 (PÁX. 27)**
 - l) **APRAZAMENTO DOS PRÉSTAMOS DE TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS (PÁX. 27)**
 - m) **SUBVENCIÓN NO EXERCICIO 2020 A EXPLOTACIÓNS OVINAS E CAPRINAS (PÁX. 27)**
 - n) **FLEXIBILIZACIÓN CONTRATOS DE SUBMINISTROS PARA PEMES E PERSOAS AUTÓNOMAS (PÁX.28)**
 - o) **ARRENDAMENTOS PARA USO DISTINTO DE VIVENDA (PÁX. 29)**
 - p) **SUBVENCIÓNS DO IDAE BAIXO A MODALIDADE DE PRÉSTAMO (PÁX. 31)**
 - q) **MODIFICACIÓN TIPO IMPOSITIVO IVE (PÁX. 31)**
 - r) **OPCIÓN EXTRAORDINARIA DA MODALIDADE DE PAGOS FRACCIONADOS PREVISTA NO ARTIGO 40.3 DA LEI DO IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES (PÁX. 32)**
 - s) **RENUNCIA TEMPORAL AO MODELO DE ESTIMACIÓN OBXECTIVA NO EXERCICIO 2020 (PÁX. 33)**
 - t) **USO TEMPORAL E EXTRAORDINARIO DO FONDO DE PROMOCIÓN E EDUCACIÓN DAS COOP. (PÁX. 33)**
 - u) **CHEQUE DIXITALIZACIÓN COVID-19 (PÁX. 34)**
 - v) **MORATORIA HIPOTECARIA PARA O SECTOR TURÍSTICO (PÁX. 34)**

4. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ESPECIAL APOIO Á INDUSTRIALIZACIÓN (PÁX. 38)

- a) **MODIFICACIÓN PARA A APORTACIÓN DE GARANTÍAS DE PRÉSTAMOS DA SGI PYME (PÁX. 38)**
- b) **REFINANCIAMENTO DE PRÉSTAMOS DA SGI PYME (PÁX. 38)**

5. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ESPECIAL APOIO A FAMILIAS E COLECTIVOS VULNERABLES (PÁX. 39)

- a) **SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO DE DESAFIUZAMENTO DA VIVENDA HABITUAL (PÁX. 40)**
- b) **PRÓRROGA EXTRAORDINARIA CONTRATOS ARRENDAMENTO VIVENDA HABITUAL (PÁX. 40)**
- c) **MODIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS RESPECTO AOS ALUGUEIROS (PÁX. 41)**
 - **APLICACIÓN AUTOMÁTICA DA MORATORIA DA DÉBEDA DO ALUGUEIRO NO CASO DE GRANDES CASEIROS E EMPRESAS OU ENTIDADES PÚBLICAS**
 - **MODIFICACIÓN EXCEPCIONAL DAS CONDICIÓNS CONTRACTUAIS NO CASO DE ARRENDADORES QUE NON SON GRANDES CASEIROS E EMPRESAS OU ENTIDADES PÚBLICAS**
 - **LIÑA DE AVAIS DO ICO PARA A COBERTURA DO FINANCIAMENTO A ARRENDATARIOS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE**
 - **AXUDAS PARA MINIMIZAR O IMPACTO DO COVID-19 NOS ALUGUEIROS DE VIVENDA HABITUAL**
 - **AXUDAS ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, PERSOAS OBXECTO DE DESAFIUZAMENTO DA VIVENDA HAB., PERSOAS SEN FOGAR E OUTRAS PERSOAS ESPECIALMENTE VULNERABLES**
- d) **MORATORIA DA DÉBEDA HIPOTECARIA INMOBILIARIA (PÁX. 46)**
- e) **GARANTÍA DE SUBMINISTROS BÁSICOS (PÁX. 46)**
- f) **BONO SOCIAL DE ELECTRICIDADE (PÁX. 47)**
- g) **INGRESO MÍNIMO VITAL (PÁX. 49)**
- h) **BONO COIDADADO EXTRAORDINARIO (PÁX. 53)**

6. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS ADOPTADAS POLO CONCELLO DE RIBADEO (PÁX. 55)

- **DEVOLUCIÓN DE TAXAS E PREZOS PÚBLICOS**
- **SERVIZO DE INFORMACIÓN**

A raíz da propagación do COVID-19 foi preciso adoptar unha serie de medidas orientadas a protexer a saúde e seguridade dos cidadáns e conter a progresión da enfermidade. Como consecuencia disto, a economía tamén se viu afectada polo que se adoptaron medidas urxentes neste ámbito polas diferentes administracións (estatal, autonómica ou local):

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS NO ÁMBITO LABORAL

PRESTACIÓN EXTRAORDINARIA PARA PERSOAS AUTÓNOMAS

En que consiste?

O Goberno Estatal adoptou unha prestación para as persoas traballadoras autónomas que tivesen que suspender a súa actividade ou que a súa facturación se vise reducida nun 75% ou máis respecto ao promedio do semestre anterior (ou á comparativa dos mesmos meses do ano anterior para o sector agrario, e para os profesionais da cultura farase unha comparativa respecto á media dos doce meses anteriores).

Existe algún período mínimo de cotización para solicitala?

Non, unicamente é preciso estar de alta nalgún dos réximes da Seguridade Social e atoparse ao corrente no pago das cotizacións (a Seguridade Social facilitou un prazo de 30 días para o ingreso das cotas pendentes).

Que ocorre coas cotizacións dese período e coas bonificacións?

Durante o tempo que se perciba esta prestación non haberá que pagar as cotizacións e terase por cotizado dito período.

Aquelas persoas que tivesen algunha bonificación como a tarifa plana non a perderán xa que ese período de tempo computa como cotizado.

Como se xustifica a perda de facturación no réxime de módulos?

Estase a estudar a forma máis efectiva para poder xustificalo, nos próximos días facilitarán dita información dende a Axencia Tributaria e a Seguridade Social.

Cal é a contía da prestación?

A prestación será do 70% sobre a base reguladora para aquelas persoas que cotizasen por cese de actividade durante un mínimo de 12 meses, senón será do 70% sobre a base mínima de cotización do réxime ao que pertenza a persoa beneficiaria.

Cal é a duración da prestación?

Percibirase durante o tempo en que se cumpran os requisitos para a súa percepción, coa data límite do 30 de setembro de 2020.

É preciso darse de baixa da actividade?

Non, hai que tramitar a prestación pero non darse de baixa da actividade. Devolverase o pagado de autónomos dende que se recoñece o cese de actividade.

Que ocorre se reinicio a actividade?

Se na desescalada reinicias a túa actividade, o mes en que o fagas percibirás tamén a prestación.

Dende cando se pode solicitar?

As persoas que tivesen que suspender a súa actividade dende o 18 de marzo, data de entrada en vigor do Decreto de declaración de estado de alarma.

No caso de redución da facturación en máis dun 75%, dende o momento en que se poida presentar a documentación que acredite dita situación.

Como se solicita?

É preciso cubrir un formulario de solicitude que irá acompañado da documentación xustificativa de cada caso. A entrega da documentación varía en función de onde teña a cobertura a persoa interesada:

Se ten a cobertura co INSS, debe solicitala ante o SEPE mediante un formulario: <https://www.sepe.es/HomeSepe/autonomos/cese-actividad>.

No caso de ter as coberturas cunha mutua colaboradora, deberase poñer en contacto con dita entidade xa que cada mutua habilitou o seu propio formulario de solicitude. Se non está adherido a ningunha mutua, primeiro deberá tramitar a adhesión e logo a prestación xa que dende o SEPE non se tramitarán.

Que ocorre coas persoas traballadoras autónomas de temporada?

Tamén poderán acceder a esta prestación ata outubro de 2020, sempre e cando os ingresos de 2020 sexan inferiores a 1,75 veces o SMI.

Percibirán o 70% da base mínima de cotización e estarán exentas da cotización dos seguros sociais.

ERTE POR FORZA MAIOR

Que é a forza maior?

A causa de forza maior débese á suspensión ou cancelación de actividades, peche temporal de locais de afluencia pública, restricións na mobilidade, falta de suministros para o desenvolvemento da actividade ou contaxio do persoal.

Aplícase a todos os sectores?

Trátase dunha medida adoptada polo Goberno Central e si se aplica a todos os sectores, sempre e cando estean afectados polo estado de alarma e o Covid-19.

Poderanse beneficiar da exoneración das cotizacións calquera empresa que faga un ERTE?

Si, pero en distintas porcentaxes. As empresas que na data 29 de febreiro de 2020 tivesen menos de 50 traballadoras/es estarán exentas do pago do 100% das cotizacións ata xuño, 70% para xullo, 60% agosto e 35% setembro. Se nesa data tiñan 50 ou máis persoas empregadas terán unha exención do 75% ata xuño, 50% xullo, 40% agosto e 25% en setembro. **Isto é as persoas traballadoras seguen cotizando.**

Adquire algún compromiso a empresa que se acolle a un ERTE?

As empresas que teñan aprobado un ERTE estarán comprometidas a manter o emprego durante o prazo de seis meses dende a data da reanudación da actividade.

Este compromiso non será aplicable para aquelas empresas que teñan risco de entrar en concurso de acreedores.

Canto pode durar o ERTE?

Sempre e cando perduren as causas que motivaron ao ERTE, a súa duración non poderá ser superior ao 30 de setembro de 2020 (salvo que por Real-Decreto Lei modifiquen esta data).

Como se tramita?

Deberase comunicar ao cadro de persoal mediante unha carta informativa firmada e selada pola empresa e firmada a modo de recibín pola persoa traballadora.

Logo iniciárase a solicitude da empresa mediante un informe e documentación acreditativa remitido por sede electrónica á Consellería de Economía, Emprego e Industria: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR820C>. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Xustificación que acredite a causa de forza maior.
- Cartas de comunicación ao cadro de persoal.
- Datos das persoas traballadoras afectas (segundo o Anexo II: <https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/21111310>).
- Documento que xustifique a representación da persoa que fai a solicitude.

O prazo de resolución pola Consellería é de 5 días, ampliable por outros 5 (total 10 días).

Unha vez aprobado o ERTE, a empresa deberá solicitar á Seguridade Social a exoneración das cotas e tamén o comunicará ao SEPE.

Será a empresa a que comunique ao SEPE a situación de ERTE por forza maior polo que a persoa traballadora non deberá solicitar persoalmente a prestación por desemprego. No seguinte enlace están as instrucións para a comunicación por parte da empresa: sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/comunicacion-institucional/noticias/detalle-noticia.html?folder=/2020/Marzo/&detail=solicitud-prestacion-desempleo-en-nombre-trabajadores.

Que ocorre ao remate do ERTE?

As empresas deberán comunicar á Consellería nun prazo de 15 días dende a data do fin do ERTE a renuncia total ao expediente autorizado.

Previamente, deberán comunicar ao SEPE a variación dos datos contidos na solicitude inicial de acceso á protección por desemprego.

Haberá exoneracións nas cotizacións coa reincorporación da plantilla?

A Tesourería Xeral da Seguridade Social exonerará nas seguintes porcentaxes respecto das persoas traballadoras que reinicien a súa actividade nas empresas con menos de 50 persoas traballadoras:

- 85% da aportación empresarial devengada no mes de maio de 2020.
- 70% da aportación empresarial devengada no mes de xuño de 2020.
- 60% da aportación empresarial devengada nos meses de xullo, agosto e setembro de 2020.

Para as empresas de 50 ou máis traballadores as exoneracións serán as seguintes:

- 60% da aportación empresarial devengada en maio de 2020.
- 45% da aportación empresarial devengada en xuño de 2020.
- 40% da aportación empresarial devengada en xullo, agosto e setembro de 2020.

Respecto ás persoas traballadoras destas empresas que continúen coa súa actividade suspendida, as exoneracións serán para empresas de menos de 50 persoas traballadoras:

- 60% da aportación empresarial devengada en maio de 2020.
- 45% da aportación empresarial devengada en xuño de 2020.
- 35% da aportación empresarial devengada en xullo, agosto e setembro de 2020.

E para as empresas de 50 ou máis persoas traballadoras:

- 45% da aportación empresarial devengada en maio de 2020.
- 30% da aportación empresarial devengada en xuño de 2020.
- 25% da aportación empresarial devengada en xullo, agosto e setembro de 2020.

Estas exencións deberán de comunicarse previamente á presentación dos Seguros Sociais mediante unha declaración responsable por cada código de conta de cotización na que figure a situación de cada persoa traballadora e que deberá presentarse polo Sistema RED.

Ten algunha limitación o feito de acollerse ao ERTE?

Para as empresas de 50 ou máis persoas traballadoras sí xa que as sociedades mercantís ou outras persoas xurídicas que se acollesen a un ERTE e que empreguen os recursos públicos para el, non poderán proceder ao reparto de dividendos correspondentes ao exercicio no que se aplique dito ERTE. Soamente o poderán facer si previamente aboan o importe correspondente ás exoneracións aplicadas.



ERTE POR CAUSA ECONÓMICA, TÉCNICA, ORGANIZATIVA E DE PRODUCCIÓN

Que medidas se poden adoptar?

Poderán aplicarse as medidas de extinción ou suspensión da relación laboral ou de redución da xornada de traballo.

Cales son as causas nas que se fundamenta este tipo de ERTE?

Estes procedementos poden estar fundados nas seguintes causas:

- Económicas: cando dos resultados da empresa se desprenda unha situación económica negativa, en casos tales como a existencia de perdas actuais ou previstas, ou a diminución persistente do seu nivel de ingresos ordinarios ou vendas.
- Técnicas: cando se produzan cambios, entre outros, no ámbito dos medios ou instrumentos de produción.
- Organizativas: cando se produzan cambios, entre outros, no ámbito dos sistemas e métodos de traballo do persoal ou no modo de organizar a produción.
- Produtivas: cando se produzan cambios, entre outros, na demanda dos produtos ou servizos que a empresa pretende colocar no mercado.
- Desaparición da personalidade xurídica do contratante.

Como se tramita?

A tramitación coa Consellería de Economía, Emprego e Industria deberase facer telematicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Os pasos a seguir son:


En primeiro lugar a empresa deberá comunicar á súa plantilla ou aos representantes da mesma a intención de iniciar o procedemento. Con esta comunicación deberase constituír a comisión representativa das/os traballadoras/es nun prazo máximo de 7 días se a empresa conta con representantes legais do cadro de persoal ou en 15 días en caso de que non conte con dita representación.

Unha vez constituída a comisión, o empresario comunicarlle a ela e á Consellería o inicio do procedemento coa apertura do período de consultas: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR820A>.

No período de consultas ambas partes deben negociar de boa fe para acadar un acordo. Logo deste período, a empresa comunicará á Consellería o resultado do acordo así como a súa decisión final: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR820B>.

Por último, a empresa deberá facer unha notificación individual para cada persoa afectada co despedimento, suspensión ou redución de xornada.

**ERTE POR CAUSA ECONÓMICA, TÉCNICA, ORGANIZATIVA
E DE PRODUCCIÓN**



EXENCIÓN COTIZACIÓN PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

A quen está dirixida esta medida?

Ás persoas traballadoras autónomas que percibisen a prestación extraordinaria por cese de actividade durante o estado de alarma e que a continúan a percibir a 30 de xuño de 2020.

A canto ascende a exención?

A exención das cotizacións á Seguridade Social e formación profesional consistirá nas seguintes porcentaxes no caso de que recuperasen a actividade:

- 100% no mes de xullo
- 50% no mes de agosto
- 25% no mes de setembro

Que ocorre se continúan a manter unha redución da actividade?

Estenderase o dereito a percibir a prestación ata o 30 de setembro de 2020 no caso de que se mantenga a redución da actividade, é dicir, que a facturación do 3º trimestre de 2020 se reduza no 75% ou máis respecto ao 3º trimestre do 2019 e que os rendementos netos sexan inferiores a 1,75 veces o SMI.

APRAZAMENTO DOS PAGOS DAS COTAS Á SEGURIDADE SOCIAL

APRAZAMENTO DOS PAGOS DAS COTAS DE ABRIL Á SEGURIDADE SOCIAL

En que consiste esta medida?

Permítese ás empresas e persoas autónomas afectadas polo Covid-19 solicitar o aprazamento das cotas que se deben pagar no mes de abril a un tipo de interese do 0,5%.

Cal é o prazo de presentación?

Deberase solicitar ata o 10 de abril de 2020 mediante o Sistema Red da Seguridade Social.

APRAZAMENTO DOS PAGOS DAS COTAS DE MAIO, XUÑO E XULLO Á SEGURIDADE SOCIAL

En que consiste esta medida?

Permítese ás empresas e persoas autónomas afectadas polo Covid-19 solicitar o aprazamento das cotas que se deben pagar nos meses de maio, xuño e xullo. Estas cotas deberanse aboar seis meses despois e non repercutirán nin intereses nin recargos.

É preciso constituír garantía para o aprazamento?

Cando o total da débeda sexa inferior a 150.000€ non é preciso, e para as inferiores a 250.000€ tampouco será preciso sempre e cando se ingrese ao menos un terzo da débeda antes de que transcorran 10 días dende a notificación da aprobación do aprazamento e o resto da débeda se aboe nos dous anos seguintes.

Poderán solicitalo as empresas acollidas a un ERTE?

Non, esta medida non será de aplicación ás empresas acollidas a un ERTE.

Que ocorre coas empresas que non teñen dereito a esta medida?

Poderán solicitar este mesmo aprazamento pero cun interese do 0,5% durante os meses de maio e xuño.

Cal é o prazo de presentación?

Deberase solicitar ata o día 10 de cada mes mediante o Sistema Red da Seguridade Social.

MEDIDAS EN MATERIA DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

PROTECCIÓN POR DESEMPREGO COMO CONSECUENCIA DUN ERTE

Teñen dereito a algunha prestación as persoas afectadas por un ERTE?

Si teñen dereito a unha prestación por desemprego a cal será contributiva.

Esta prestación será descontada do paro ao que tería dereito en circunstancias normais?

Non, a duración do paro que se tiña xerado continúa a ser a mesma.

Pode unha persoa traballadora ser despedida como consecuencia dun ERTE?

Non, a suspensión de contratos ou a redución da xornada non se pode entender como causa xustificativa da extinción do contrato de traballo nin do despido.

Como se conta a duración dos contratos temporais afectados por un ERTE?

A suspensión dun contrato temporal por un ERTE supón a paralización do período de duración do mesmo, é dicir, para a finalización do contrato contará o tempo realmente traballado na empresa e non se terá en conta o tempo que a persoa traballadora estivo afectada polo ERTE.

Cal é o período mínimo de cotización para ter dereito á prestación?

Non hai un período mínimo polo tanto, teñen dereito á prestación todas as persoas afectadas por un ERTE.

Cal é a contía da prestación?

A **contía** da prestación será do 70% sobre o promedio da base reguladora dos últimos 180 días cotizados ou do período de tempo cotizado inmediatamente anterior á situación de desemprego. No caso de que a prestación durase máis de 180 días, a porcentaxe será do 50% sobre a base reguladora a partir do día 181.

Cal é a duración da prestación?

A **duración** estenderase ata a finalización do período de suspensión do contrato ou de redución da xornada afectado polo ERTE. Establécese unha duración límite do 30 de setembro, a cal poderá ser ampliada por Real-Decreto Lei.

Como me afectan as exencións dos Seguros Sociais aplicados á miña empresa?

As exencións dos seguros sociais non terán efectos para as persoas traballadoras, é dicir, a súa base de cotización non variará nos meses en que se apliquen ditas exencións.

Como teño que tramitar a prestación?

As persoas afectadas por un ERTE **non teñen que tramitar a prestación**, a xestión da súa prestación tramítase entre a empresa e o SEPE. As/os traballadoras/es terán plenas garantías no cobro das prestacións por desemprego.

Como podo coñecer o estado da miña prestación?

O SEPE puxo a disposición para as persoas traballadoras afectadas por un ERTE unha ferramenta para coñecer o estado da súa prestación. Para iso hai que seguir os seguintes pasos:

- Acceder á páxina do SEPE: <https://sede.sepe.gob.es/portalSede/flows/procedimientos>
- Entrar en “Persoas”.
- Entrar en “Consulte datos e recibo da súa prestación”.
- Entrar en “Consultas da prestación”.
- Entrar no botón esquerdo se se dispón de certificado dixital, DNI electrónico ou Clave, en caso contrario entrar no botón esquerdo “Datos de contraste” e introducir DNI, 10 últimos díxitos da conta bancaria e número de teléfono para proceder á consulta.

Que alternativas teño se aínda non cobre a prestación do SEPE?

Pódese solicitar á Xunta de Galicia un adianto da prestación dos ERTES autorizados os cales non teñen nin intereses nin comisións. O anticipo será de ata 1.500 euros, cun máximo de 750 euros ao mes. O procedemento é o seguinte:

1. A persoa traballadora deberá poñerse en contacto coa empresa para iniciar a tramitación da solicitude.
2. A empresa deberá comunicarlle á Xunta de Galicia mediante o formulario da sede electrónica: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR820X&ano=2020&numpub=1&lang=es> os datos das persoas traballadoras que soliciten o adianto da prestación. Poderase facer máis dunha solicitude para comunicar os datos de novas persoas que precisen o adianto.
3. A Xunta de Galicia realizará as verificacións correspondentes e, nun prazo máximo de 24 horas remitirá ás entidades financeiras os datos das operacións validadas. Ao mesmo tempo, a empresa recibirá un correo electrónico de confirmación das solicitudes validadas.
4. As entidades financeiras, tras comprobar que a solicitude é correcta, informarán ao cliente da autorización do anticipo.
5. Formalización e posta a disposición do cliente do anticipo para o seu cobro.

PRESTACIÓN POR DESEMPREGO PARA PERSOAS TRABALLADORAS SOCIAS DE COOPERATIVAS

Hai algunha prestación para as persoas traballadoras socias de cooperativas?

As persoas pertencentes a este colectivo que cotizasen por desemprego teñen dereito ás mesmas medidas adoptadas polas persoas traballadoras afectadas por un ERTE.

Cal é a duración da prestación?

Establécese unha duración límite do 30 de xuño, a cal poderá ser ampliada por Real-Decreto Lei.

REPOSICIÓN DE PRESTACIÓNS A TRABALLADORAS/ES FIXOS DESCONTINUOS

O SEPE outorga unha protección específica para os traballadores fixos discontinuos que finalizasen a súa actividade antes do previsto no seu contrato, é dicir, reporáselles a prestación por desemprego ata 90 días.

Ata cando se aplicará esta medida?

Ata o 31 de decembro de 2020.

PROTECCIÓN POR DESEMPREGO A TRABALLADORAS/ES QUE REALIZAN TRABALLOS FIXOS E PERIÓDICOS QUE SE REPITEN EN DATAS CERTAS

Recoñécese unha prestación ás persoas que realizan traballos fixos e periódicos que se repiten en certas datas e se atopan en período de inactividade debido a que non se procedeu ao seu chamamento para a reincorporación debido ao Covid-19.

Poderán percibir a prestación contributiva por desemprego e, cando volvan a atoparse desempregados involuntariamente, deberán solicitar a reanudación da prestación que se lle recoñeza neste momento, poderán volver a cobrar o que xa percibiran, con un máximo de 90 días como se non o tivesen cobrado anteriormente.

Ata cando se aplicará esta medida?

Ata o 31 de decembro de 2020.

PROTECCIÓN POR DESEMPREGO PARA ARTISTAS DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS

A quen está dirixida esta medida?

Ás persoas traballadoras incluídas no Réxime Xeral como artistas de espectáculos públicos que, como consecuencia do Covid-19, non podan continuar coa súa actividade laboral e cumpran os seguintes requisitos:

- Estar en situación legal de desemprego.
- Non estar afectadas por un ERTE.
- Ter cuberto o período mínimo de cotización.

- Non ser perceptor de calquera outro ingreso derivado de actividades por conta propia ou allea, calquera outra prestación, renda mínima, renda de inclusión, salario social ou outras axudas.

Dende cando se recoñece o dereito á prestación?

Dende o día seguinte ao que se presente a solicitude, sempre e cando se cumpran os requisitos para percibila. Consideraranse os períodos de inactividade como situación legal de desemprego.

Cal é a súa duración?

Varía en función dos días de alta na Seguridade Social por prestación real de servizos como artista de espectáculos públicos no ano anterior á situación legal de desemprego:

- Se os días de actividade foron dende 20 ata 54 corresponderá unha prestación de 120 días.
- Se os días de actividade foron 55 ou máis, corresponderá unha prestación de 180 días.

Cal é a contía da prestación?

Será do 70% da base de cotización mínima vixente en cada momento por continxencias comúns, correspondente ao grupo 7 da escala de grupos de cotización do Réxime Xeral, é dicir, será de 775,83 euros.

Como se tramita a prestación?

Tramitarase mediante o SEPE polo que pode solicitarse pola Sede Electrónica, co formulario pre-solicitude ou por vía telefónica.

Cal é o prazo de solicitude?

Poderase presentar a solicitude a partir do día 7 de maio de 2020.

EXCEPCIÓN TEMPORAL DOS EFECTOS DE PRESENTAR FÓRA DE PRAZO AS SOLICITUDES DE PRESTACIÓN POR DESEMPREGO

Como afecta a presentación dunha solicitude de prestación fóra de prazo?

Debido ao estado de alarma suspéndense os prazos polo que as solicitudes presentadas fóra de prazo seguen a ter recoñecidos os mesmos dereitos.

EXCEPCIÓN TEMPORAL DA OBRIGA DE SOLICITAR A PRÓRROGA DO SUBSIDIO POR DESEMPREGO E DE PRESENTAR EN PRAZO A DECLARACIÓN ANUAL DE RENDAS

Como lle afecta o estado de alarma a unha persoa que percibe prestacións ou subsidios?

Se unha persoa está a percibir prestacións ou subsidios por desemprego:

- Non será necesario renovar a demanda de emprego ata o 30 de setembro de 2020.
- Non se ten que solicitar a prórroga do subsidio, o pago manterase transcorridos os seis meses.

- Non se interromperá o pago dos subsidios por desemprego pola falta de presentación da Declaración Anual de Rendas (DAR) no caso de persoas beneficiarias do subsidio para traballadores maiores de 52 anos.

Onde se pode obter información sobre unha prestación ou subsidio?

Para obter información ou solicitar unha prestación ou subsidio é preciso contactar antes coa Oficina de Prestacións dependente do SEPE, solicitando cita previa no enlace: https://sede.sepe.gob.es/contenidosSede/generico.do?pagina=proce_ciudadanos/cita_previa.html.

Para obter máis información acerca de prestacións ou renovacións de tarxeta deberase acceder ao enlace emprego.xunta.gal ou nos teléfonos 881 999 597 e 981 545 968.

Como se pode solicitar unha prestación por desemprego se non é con motivo dun ERTE?

O SEPE habilitou un formulario pre-solicitud para aquelas persoas que non dispoñen de DNI electrónico: <https://sede.sepe.gob.es/SolicPrestIndividualWeb/flows/solicitud?execution=e1s1> que debe ser cuberto e unha vez recibido, un xestor do SEPE poñerase en contacto coa persoa interesada para facer efectiva a solicitude.

As persoas que si dispoñen de DNI electrónico deben presentar a solicitude do seguinte enlace: <https://sede.sepe.gob.es/portalSedeEstaticos/flows/gestorContenidos?page=sv01> .

DESEMPREGO POR EXTINCIÓN DA RELACIÓN LABORAL NO PERÍODO DE PROBA OU DESESTEMENTO DE CONTRATACIÓN NUNHA NOVA ENTIDADE DURANTE O ESTADO DE ALARMA

De que se trata?

Da consideración de situación legal de desemprego para as persoas afectadas por unha extinción da relación laboral durante o período de proba a instancia da empresa. Dita extinción deberá ser posterior ao 9 de marzo de 2020.

Que ocorre coas persoas que finalizasen voluntariamente un contrato para comezar outro?

As persoas que rescindisen voluntariamente un contrato de traballo a partir do 1 de marzo de 2020 por ter un compromiso firme de comezar outra relación laboral con outra empresa pero, esta desistise de dita contratación como consecuencia do Covid-19 tamén terán se atoparán en situación legal de desemprego.

Como se acredita o compromiso firme de contratación con outra empresa?

Con un escrito por parte da empresa no cal desiste da contratación como consecuencia co Covid-19.

Como se solicita a prestación?

Pódese solicitar ao SEPE por vía telefónica 900 81 24 00, pola Sede Electrónica, coa Cita Previa Online e co formulario de pre-solicitud <https://www.sepe.es/HomeSepe/Personas.html>.

RESUMO PRESTACION DESEMPREGO

Afectada/o ERTE	➡	Onde solicito a prestación?	➡	Solicítala a empresa
Desempregada/o pre-non afecta/o ERTE	➡	Onde solicito a prestación?	➡	SEPE solicitando cita coa solicitude da web.
Renovación paro	➡	Como fago a renovación?	➡	Non hai que renovar ata o 30/09/2020.

SUBSIDIO EXCEPCIONAL POR FIN DE CONTRATO TEMPORAL

A quen está dirixido?

O Goberno Estatal aprobou unha medida dirixida ás persoas cun contrato de dous ou máis meses de duración que se extingue de forma involuntaria trala entrada en vigor do estado de alarma e que non tivesen cotizacións suficientes para percibir outra prestación ou subsidio sempre e cando cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscrito como demandante de emprego.
- Non ser perceptor/a de renda mínima, renda de inclusión, salario social ou similar.
- O cese debe de ser de forma involuntaria e a partir do 15 de marzo de 2020 e dun contrato de 2 ou máis meses de duración.
- Non estar traballando por conta propia ou allea a xornada completa na data de extinción do contrato nin na data do nacemento do subsidio excepcional.

Cal é a contía?

O importe será do 80% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), é dicir, 430,27€.

Cal é a duración?

A duración deste subsidio excepcional será dun mes, aínda que pode ser ampliable por Real Decreto-Lei.

Como se solicita?

Tramitárase telemáticamente a través do formulario de pre-solicitude de prestación individual do SEPE: <https://sede.sepe.gob.es/SolicPrestIndividualWeb/flows/solicitud?execution=e1s1> ou ben presentando o formulario nunha oficina de rexistro ou Correos. Estes formularios terán carácter provisional polo que o SEPE pode contactar coa persoa interesada para completar e formalizar a solicitude.

Cal é o prazo de presentación?

Dende o 5 de maio de 2020 e ata 1 mes despois do remate do estado de alarma.

SUBSIDIO PARA PERSOAS EMPREGADAS DO FOGAR

A quen está dirixida?

O Goberno central adoptou unha medida dirixida ás persoas que estando de alta como traballadoras empregadas do fogar antes do estado de alarma, se reducise a súa actividade total ou parcialmente nun ou varios domicilios ou se quedasen sen emprego tras o 14 de marzo.

Cal é a contía da prestación?

A contía será do 70% da base reguladora diaria correspondente ao mes anterior da solicitude, non podendo superar a contía do Salario Mínimo Interprofesional (950 euros).

No caso de pluriactividade, a contía será do 70% da base reguladora de cada un dos traballos deixados de realizar co límite do salario mínimo interprofesional excluída a parte proporcional das pagas extras.

Cal é o inicio da prestación?

A prestación percibirase por períodos mensuais dende a data de redución da actividade ou a data de baixa na Seguridade Social.

Cal é o prazo de tramitación?

Dende o 5 de maio e ata un mes despois de que remate o estado de alarma.

Como se tramita?

Tramitarase no SEPE presentando a seguinte documentación:

- Modelo de solicitude: https://sede.sepe.gob.es/es/portalttrabaja/resources/sede/pdf/Modelo_Solicitud_SEEH_R.pdf
- Declaración responsable dos empregadores no caso de que se reducise a actividade total ou parcialmente nun ou varios domicilios.
- Carta de despido ou comunicación desestamento ou baixa na Seguridade Social no caso de quedar sen emprego.

Esta documentación poderá presentarse en calquera oficina de asistencia en materia de rexistros, nas oficinas de Correos, no Rexistro Electrónico Xeral da AXE e na Sede Electrónica do SEPE.

Existe algunha incompatibilidade con esta prestación?

Sí, esta prestación non é compatible con ser beneficiaria/o do subsidio por incapacidade temporal, con desfrutar do permiso retribuído recuperable regulado no R.D. Lei 10/2020 ou coa realización de actividades por conta propia ou allea realizadas con posterioridade á solicitude do subsidio cando a suma dos ingresos derivados do subsidio e o resto de actividades sexa superior ao salario mínimo interprofesional.

PERMISO RETRIBUÍDO RECUPERABLE

En que consiste?

Trátase dunha medida excepcional adoptada polo Goberno Estatal que obriga ás persoas traballadoras que non realicen actividades esenciais a permanecer nos seus domicilios. As persoas afectadas continuarán a percibir o seu salario pero, unha vez rematado o estado de alarma deberán recuperar as horas de traballo non prestadas.

A quen afecta?

Este permiso afecta ás persoas traballadoras que non prestan servizos en actividades esenciais e que non realizan teletraballo. As persoas afectadas por un ERTE non están incluídas neste permiso agás que se trate dun ERTE con redución de xornada. Neste caso aplicarase o permiso retribuído á parte da xornada que non afecte ao ERTE.

Cales son as actividades esenciais?

Estas actividades engloban toda a cadea de abastecemento de bens de primeira necesidade, mantemento de transportes públicos e estradas, forzas de seguridade do Estado, Exército, establecementos sanitarios, empregadas/os do fogar, coidadoras/es, servizos de telecomunicacións e información, subministro de enerxía eléctrica e de derivados do petróleo, empresas de servizos financeiros e de asesoría, servizos relacionados coas vítimas de violencia de xénero, actividades relacionadas con actuacións procesais non suspendidas, notarías e rexistros, servizos de mantemento, limpeza e reparación de avarías urxentes, servizos de distribución e entrega de produtos adquiridos electronicamente, servizo postal universal e calquera outros que fosen considerados esenciais.

Cal é a súa duración?

A duración deste permiso afecta a 8 días laborais xa que comeza o luns 30 de marzo e remata o 9 de abril de 2020.

Cal será o salario das persoas afectadas?

Tanto o salario como as cotizacións non se verán afectados polo que cada persoa traballadora continuará a percibir o seu salario habitual e continuará tamén coa cotización habitual.

Quen debe pagar os salarios?

Serán os empresarios os que aboen os salarios a cada persoa traballadora. Estas últimas terán que recuperar as horas non traballadas.

Como se recuperarán as horas?

Unha vez rematado o estado de alarma, as empresas e persoal traballador deberán negociar como se recuperarán as horas, respectando o Estatuto dos Traballadores e sen incumprir os períodos mínimos de descanso previstos para cada colectivo así como as medidas de conciliación.

Cando se recuperarán as horas?

Poderanse recuperar dende o día seguinte á finalización do estado de alarma e ata o 31 de decembro de 2020.

Como se tramita?

Dende a empresa deberase comunicar á Seguridade Social mediante o sistema Red dita variación de datos da persoa traballadora pero en ningún caso se deberá dar de baixa.

DISPOÑIBILIDADE DOS PLANS DE PENSIÓNS EN CASO DE DESEMPREGO OU CESE DE ACTIVIDADE

Quen o pode solicitar?

As persoas que se atopen en situación de desemprego ou as persoas autónomas que tiveron que suspender a súa actividade, en ambos casos como consecuencia do Covid-19.

Cal é o prazo de solicitude?

Poderase solicitar ata o 14 de setembro de 2020 (seis meses dende a entrada en vigor do Real Decreto 463/2020). Dita data poderá ser ampliable a proposta da Ministra.

Cal é o importe máximo?

Trátase dunha medida excepcional para poder facer efectivos os dereitos consolidados polo que o importe non poderá ser superior aos salarios deixados de percibir durante a vixencia do ERTE ou aos ingresos netos estimados deixados de percibir durante a suspensión da actividade da persoa autónoma.

AXUDAS PARA PERSOAS TRABALLADORAS CON COVID-19 OU EN ILLAMENTO PREVENTIVO

En que situación se atopan as persoas traballadoras con Covid-19?

Atópanse en situación de Incapacidade Temporal por Accidente de traballo polo que teñen dereito a unha prestación do 75% da base reguladora dende o día seguinte ao da baixa.

Cal é a situación das persoas traballadoras en illamento preventivo?

É a mesma que a das persoas traballadoras con Covid-19 polo que a prestación tamén é a mesma.

Cal é a situación das persoas traballadoras en situación excepcional de confinamento total?

No caso de persoas que presten servizos esenciais nunha localidade diferente á do seu domicilio e non o poidan facer debido ao confinamento da poboación onde vive, recoñeceráselle unha protección por Incapacidade Temporal dende o inicio do confinamento sempre e cando fora denegada a posibilidade de desprazarse por unha autoridade competente e non poida realizar o seu traballo telemáticamente.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ESPECIAL APOIO A PEMES E PERSOAS AUTÓNOMAS

APRAZAMENTO DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS

En que consiste?

Nun aprazamento durante 6 meses (os 4 primeiros sen intereses) das débedas correspondentes a declaracións-liquidacións e autoliquidacións con prazo de presentación ata o 30 de maio de 2020. Ata 30.000 euros non é preciso aportar garantía.

Quen pode solicitalo?

Calquera empresa ou autónomo que tivese un volume de operacións no ano 2019 inferior a 6.010.121,04 euros.

Como se solicita?

Deberase presentar o modelo de liquidación da forma habitual indicando no método de pago que se solicita o aprazamento marcando “recoñecemento de débeda”.

Unha vez presentado o modelo, presentárase na sede electrónica da Axencia Tributaria a solicitude do aprazamento:

<https://www.agenciatributaria.gob.es/AEAT.sede/tramitacion/RB01.shtml> onde deberá cumprimentar os datos e na opción “Solicitude acollida ao artigo 14 do Real Decreto-lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19.” deberá marcar SI para que a solicitude se tramite conforme ás medidas adoptadas fronte ao Covid-19, en caso de marcar NON a solicitude tramitarase conforme aos termos xerais de aprazamento de Lei Xeral Tributaria.

AMPLIACIÓN PRAZO PRESENTACIÓN IMPOSTOS

En que consiste?

Nunha ampliación do prazo de presentación dos impostos para os cales o seu vencemento se producise a partir da entrada en vigor do estado de alarma e remate o 20 de maio de 2020.

Que entidades se poden beneficiar?

Poderanse beneficiar as persoas autónomas e pemes que no 2019 tivesen un volume de operacións inferior a 600.000 €.

Cando remata o prazo de presentación?

Poderanse presentar as liquidacións e autoliquidacións ata o 20 de maio de 2020. No caso de que se desexe domiciliar o pago, o prazo remata o 15 de maio de 2020.

Que ocorre se xa se presentaron os impostos?

Para as entidades que xa teñan os seus impostos presentados tamén se procederá a cargar o cobro do mesmo o próximo 20 de maio de 2020.

Como afecta o estado de alarma á presentación das contas anuais?

Existen tres posibilidades:

1. Sociedades para as que na data de entrada en vigor do estado de alarma xa trancorriu o prazo para formular as contas anuais ➔ Non quedan afectadas pola suspensión.
2. Sociedades cunha data de peche posterior á finalización do estado de alarma ➔ Deberán legalizar os libros conforme ás regras xerais.
3. Sociedades para as que na data 14/03/2020 non rematara o prazo de formulación das contas anuais ➔ Poden presentar e legalizar os libros no prazo de 4 meses dende a finalización do estado de alarma.

CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS DE PRÓXIMA CADUCIDADE

A Axencia Tributaria informa en relación aos certificados electrónicos caducados ou próximos á súa caducidade de que se permitirá o seu uso na Sede Electrónica. En caso de que o navegador habitual non o permita, deberase proceder á tramitación co navegador Firefox para poder seguir usándoo.

APRAZAMENTO DE REEMBOLSO DE PRÉSTAMOS Á SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DA PEQUENA E MEDIANA EMPRESA

En que consiste?

Nunha readaptación do calendario de reembolsos do préstamo concedido.

Quen pode solicitalo?

As/os beneficiarias/os de préstamos cun vencemento inferior a 6 meses dende o decreto do estado de alarma concedidos por dita Secretaría poderán solicitar un aprazamento sempre que a súa actividade se vise afectada polo Covid-19.

Cal é o prazo de solicitude?

Débase efectuar antes de que remate o o prazo do pago en período voluntario.

Como se solicita?

Hai que presentar unha solicitude ante a Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

Dita solicitude deberá ir acompañada dunha memoria xustificativa da dificultade de realizar o pago, memoria das inversións realizadas co préstamo e unha declaración responsable conforme a empresa se atopa ao corrente das obrigas tributarias, de Seguridade Social e de presentación de contas no Rexistro Mercantil.

LIÑA ICO SECTOR TURÍSTICO E ACTIVIDADES CONEXAS COVID-19/THOMAS COOK

A quen está dirixida?

A autónomas/os e empresas que teñan o seu domicilio social en España e cuxa actividade estea dentro dun CNAE do sector turístico ou de actividades conexas:
<https://www.ico.es/documents/19/2320094/Tabla+CNAE+ICO+Sector+Turistico+actividades+conexas+covid19+-Thomas+Cook/3b53c87b-18bf-48cc-9aee-60e2745930ae>.

Que prazo hai para solicitalo?

Poderanse solicitar os préstamos ata o 31 de decembro de 2020.

Cales son as características deste préstamo?

Importe máximo: ata 500.000 euros nunha ou en varias operacións.

Conceptos que se financian: necesidades de liquidez, proxectos de dixitalización e os destinados a fomentar solucións de teletraballo recollidos no programa Acelera Peme: <https://acelerapyme.gob.es/>.

Tipo de interese: fixo, ata o 1,5% incluídas as comisións.

Prazo de amortización e carencia: de 1 a 4 anos con 1 ano de carencia principal.

Comisións: a entidade de crédito poderá cobrar unha única comisión ao inicio e tamén a de amortización anticipada.

Como se tramita?

Tramítase directamente a través das entidades de crédito privadas que colaboran coa liña.

Existen outras liñas de financiación ICO para empresas e autónomos abertas de forma permanente: www.ico.es.

LIÑA DE AVAIS PARA GARANTIR A LIQUIDEZ DE AUTÓNOMOS E EMPRESAS

En que consisten?

Son avais que o Estado, a través do ICO, emitiu para responder fronte a futuros impagos das empresas ou autónomos, é dicir, é o Estado o que asume o risco en lugar das entidades financeiras.

A quen están dirixidos?

A empresas e autónomas/os que viron afectada a súa actividade polo Covid-19 e que non estivesen en situación de morosidade a 31 de decembro do 2019 nin en procedemento concursal a 17 de marzo de 2020.

Cal será a vixencia do aval?

Durará igual que o préstamo concedido, con un máximo de 5 anos.

Como se solicita?

Poderase solicitar ata o 30 de setembro de 2020.

A persoa interesada en obter financiamento deberá poñerse en contacto cunha entidade financeira colaboradora co ICO para formalizar o préstamo ou proceder á renovación dalgún existente. É dicir, a efectos de solicitude funciona igual que un préstamo normal, a diferenza está en que neste caso é o Estado a través do ICO o que asume o risco.

LIÑA DE FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA PARA PEMES E PERSOAS AUTÓNOMAS

En que consiste?

Trátase dunha liña de financiamento dirixida especialmente a Pemes e persoas autónomas para inxectar liquidez inmediata.

Cales son as características?

Cada empresa poderá solicitar unha partida do dobre dos custos salariais do ano anterior ou do 25% da facturación cun límite de 200.000 euros e un mínimo de 3.000 euros. Os créditos terán 12 meses de carencia e deberán rematar de pagarse aos 4 anos como máximo. Será a Xunta, a través do Igape, quen se fará cargo dos intereses. O tipo de interese máximo será do 1,5%.

A quen están dirixidos?

A Pemes, persoas físicas, xurídicas ou calquera outro tipo de unidade económica que teñan o seu domicilio fiscal e desenvolvan a súa actividade en Galicia.

Cal e o prazo de tramitación?

Poderanse solicitar dende o 2 de abril ata o 30 de setembro de 2020, agás que se esgote o crédito dispoñible para esta liña.

Como se tramita?

Esta liña aprobada actuará de aval sobre os préstamos concedidos polas entidades financeiras polo que se solicitarán nas entidades financeiras adheridas.

No enlace <http://www.igape.es/gl/base-xeral-de-axudas/ficha/IGAP393> está dispoñible a información detallada.

APRAZAMENTO DAS COTAS DOS PRÉSTAMOS FORMALIZADOS COA XUNTA DE GALICIA MEDIANTE XESGALICIA

A quen está dirixida?

Ás entidades que tivesen formalizado un préstamo coa Xunta de Galicia e que se visen afectadas significativamente polo estado de alarma. Será preciso estar ao corrente nos pagos do préstamo.

En que consiste esta medida?

Na condonación dos intereses do primeiro trimestre de 2020 e no aprazamento das cotas que se teñan que pagar entre o 31 de marzo e o 29 de xuño de 2020. Esta cotas serán pospostas no final do prazo de amortización do préstamo, prolongándose nese prazo.

Cal é o prazo de tramitación?

Dende o 24 de marzo e ata o 3 de abril de 2020 (ambos incluídos).

Como se solicita?

Deberase cumprimentar a Declaración responsable que figura na web: <http://www.xesgalicia.es/> e enviala ao enderezo xesgalicia@xesgalicia.org antes do 3 de abril. Logo no prazo de 60 días deberase enviar o documento orixinal á dirección Rúa Ourense, 6, 15701 Santiago de Compostela.

SUSPENSIÓN DOS PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE ALGÚNS IMPOSTOS AUTONÓMICOS

A que impostos afecta?

Afecta ás autoliquidacións dos impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD), de sucesións de doacións (ISD) e aos tributos do xogo dos cales venceu o prazo dende a declaración do estado de alarma ou vence durante dito estado.

En que consiste?

En que os suxeitos obrigados a presentar os impostos antes mencionados non terán a obriga de facelo ata o 30 de xuño ou ata un mes despois do remate do estado de alarma.

Pódense presentar igualmente durante o estado de alarma?

Si, as/os contribuíntes que prefiran presentalo igualmente no prazo ordinario poden facelo telematicamente mediante a Oficina Virtual da ATRIGA.

LIÑA FINANCIAMENTO REESTRUTURACIÓN DE PROCESOS PRODUCTIVOS PARA FABRICAR EQUIPOS DE PROTECCIÓN

De que se trata?

Dunha liña de financiamento outorgada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para cubrir as necesidades de adaptación e transformación produtiva das empresas galegas que decidan fabricar material de protección fronte ao Covid-19.

Pola súa parte, as empresas beneficiarias deberán dar resposta coa produción de equipos como téxtiles sanitarios, EPIS e materiais respiradores.

AMPLIACIÓN PRAZO SOLICITUDE PAC 2020

Amplíase o prazo de presentación de solicitudes da Política Agraria Común ata o 15 de xuño de 2020.

Facilitarase en colaboración coas Comunidades Autónomas a presentación telemática das solicitudes para que poidan seguir presentándose durante o estado de alarma o máximo número de solicitudes por medios telemáticos.

APRAZAMENTO DOS PRÉSTAMOS DE TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

De que se trata?

Da posibilidade de que os titulares de explotacións agrarias afectados pola seca do ano 2017 subscribisen un préstamo ao amparo das ordes AAA/778/2016, do 19 de maio, APM/728/2017, do 31 de xullo e APM/358/2018, do 2 de abril, soliciten de forma voluntaria unha prolongación da amortización dos préstamos.

Cales son as condicións da prolongación?

Poderanse prolongar as cotas ata nun ano, o cal poderá ser de carencia.

Como se tramita?

A persoa titular do préstamo deberá solicitalo á súa entidade financeira entes do 18 de xullo de 2020. Esa solicitude conleva a autorización a SAECA para comprobar na Axencia Tributaria e a Seguridade Social que cumpre coas obrigas ante ditos organismos.

SUBVENCIÓN NO EJERCICIO 2020 A EXPLOTACIÓNS OVINAS E CAPRINAS

En que consiste esta subvención?

Nunha axuda outorgada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dirixida ás explotacións que tiveron dificultades para comercializar cordeiros e cabritos nos meses de marzo e abril debido ao Covid-19.

Quen pode solicitala?

Os beneficiarios serán as persoas físicas ou entidades que soliciten ou xa solicitasen a PAC no 2020 e sexan titulares de explotacións de ovino ou caprino.

Que se subvencionará?

Subvencionarase en función do número de femias que conste na explotación:

Ovellas: N° femias declaradas x 0,60 x 0,40

Cabras: N° femias declaradas x 0,60 x 0,20

Establecerase un máximo de 100 animais por entidade beneficiaria, aplicándoo de forma independente ao ovino e ao caprino.

Como se tramita a subvención?

A solicitude entenderase feita unha vez se presente a PAC do ano 2020 no prazo establecido.

Antes de realizar o pago, as entidades beneficiarias deberán presentar unha declaración responsable acreditativa de non estar incursos nas prohibicións do artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

FLEXIBILIZACIÓN DOS CONTRATOS DE SUBMINISTROS PARA PEMES E PERSOAS AUTÓNOMAS

A quen está dirixida?

É medida adoptada polo Goberno Central dirida a persoas autónomas e empresas titulares de contratos de subministros de electricidade ou gas natural.

En que consiste esta medida?

De forma excepcional, durante o estado de alarma as empresas titulares de contratos de subministros de electricidade ou gas natural poderán modificar os seus contratos (reducir a potencia ou consumo, suspender o servizo...) sen custo algún para o consumidor.

Que ocorre co contrato despois do estado de alarma?

No prazo de tres meses as empresas poderán reactivar o seu contrato sen ningún custo salvo os de ampliación da potencia a un umbral superior ao contratado antes do estado de alarma, os pagos pola supervisión de instalacións cedidas e o cambio de equipos de medida se fose preciso.

As reactivacións ou modificacións dos contratos deberán ser realizadas nun prazo de 5 días naturais polas compañías subministradoras.

Pódese cortar o subministro dunha empresa por impago de facturas?

Non, aplícase unha moratoria no pago de subministros para persoas autónomas e pemes sen penalización nos seus contratos e durante a vixencia do estado de alarma.

A maiores...

A Xunta de Galicia pón a disposición de empresas e persoas autónomas unha aplicación para informar sobre as medidas económicas e laborais aprobadas ante o Covid-19. Pódese descargar a **app Gohu** dende Google Play Store ou Apple Store para que as/os usuarias/os reciban información de forma automática no seu teléfono móbil.

ARRENDAMENTOS PARA USO DISTINTO DE VIVENDA

A quen está dirixida esta medida?

Estas medidas adoptadas polo Goberno Central están dirixidas a persoas autónomas e pemes que sexan arrendatarias dun inmovible afecto a unha actividade económica cando cumbran os seguintes requisitos:

- As persoas autónomas deberán estar afiliadas e en situación de alta por conta propia na data de declaración do estado de alarma e pertencer a unha actividade que se tivese que suspender ou se reducise a súa facturación nun 75% ou máis respecto á media mensual do mesmo trimestre do ano anterior como consecuencia do Covid-19.
- Para as Pemes que tivesen que suspender a súa actividade ou se reducise a súa facturación nun 75% ou máis respecto á media mensual do mesmo trimestre do ano anterior como consecuencia do Covid-19, e que cumbran ao menos dous dos seguintes requisitos:
 - Activo inferior a 4 millóns de euros.
 - Importe neto da cifra anual de negocios inferior a 8 millóns de euros.
 - Número medio de traballadores durante o exercicio inferior a 50.

Como se acreditan estes requisitos?

A redución da actividade acreditarase cunha declaración responsable onde conste que a facturación se reduciu nun 75% en relación á media mensual do mesmo trimestre do ano anterior. Se o/a propietario/a o solicita, terá que mostrar os libros contables para acreditar a redución da actividade.

A suspensión da actividade acreditarase cun certificado da AEAT sobre a base da declaración de cese da actividade.

ARRENDAMENTOS PARA USO DISTINTO DE VIVENDA CON GRANDES CASEIROS

En que consiste esta medida?

As persoas autónomas ou pemes que teñan un contrato de alugueiro para uso distinto ao de vivenda poderá solicitar ao propietario do inmovible se é unha empresa ou entidade pública ou un gran caseiro (é dicir, se é titular de máis de 10 inmovibles urbanos, excluindo garaxes e trasteiros, ou ben unha superficie construída de máis de 1.500m²) unha moratoria no pago da renda sempre e cando non se alcanzase outro acordo entre as partes con anterioridade.

A moratoria non terá ningunha penalización nin intereses e deberá ser aceptada pola persoa propietaria.

Durante que período se aplica esta medida?

A moratoria afectará ao período que dure o estado de alarma e aos seguintes meses cun máximo de 4 mensualidades.

Como se procederá ao pago da renda aprazada?

As mensualidades deixadas de aboar ao propietario/a do inmovible aprazaranse mediante o fraccionamento das cotas durante 2 anos a contar dende a finalización do estado de alarma ou dos 4 meses como máximo que se establecen para a moratoria.

Que ocorre se o contrato de alugueiro é inferior ao prazo de 2 anos indicado para os pagos pendentes?

Neste caso, se a vixencia do contrato e as súas prórrogas son inferiores aos 2 anos, as cotas afectas pola moratoria deberán aboarse durante o período de vixencia do contrato.

Cal é o prazo para solicitar esta medida?

Esta medida entra en vigor o 23 de abril de 2020 e o prazo para a solicitude é dun mes dende esta data.

OUTROS ARRENDAMENTOS PARA USO DISTINTO DE VIVENDA

En que consiste esta medida?

As persoas autónomas ou pemes que teñan un contrato de alugueiro para uso distinto ao de vivenda poderá solicitar ao propietario do inmovible cando non sexa unha empresa ou entidade pública ou un gran caseiro (é dicir, se é titular de máis de 10 inmovibles urbanos, excluindo garaxes e trasteiros, ou ben unha superficie construída de máis de 1.500m²) un aprazamento temporal e extraordinario no pago da renda sempre e cando non se alcanzase outro acordo entre as partes con anterioridade.

Ambas partes poderán empregar a fianza do contrato de alugueiro para facer fronte ao pago total ou parcial dalgunha mensualidade. A/o arrendataria/o deberá repoñer a fianza empregada no prazo dun ano ou antes da finalización do contrato se remata antes de dito ano.

Cal é o prazo para solicitar esta medida?

Esta medida entra en vigor o 23 de abril de 2020 e o prazo para a solicitude é dun mes dende esta data.

SUBVENCIÓNS DO IDAE BAIXO A MODALIDADE DE PRÉSTAMO

En que consiste esta medida?

O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) concederá aprazamentos para o pago dos préstamos concedidos a particulares e comunidades de veciños para a rehabilitación enerxética do edificio ou a empresas para a implantación de instalacións térmicas renovables.

A que cotas afectará o aprazamento?

Poderanse aprazar as cotas que estean pendentes de pago e que o seu vencemento se produza nos meses de marzo, abril, maio e xuño de 2020.

Este aprazamento prorrogarase automaticamente (salvo solicitude expresa en contra) ata transcorridos dous meses despois da finalización do estado de alarma.

As cotas non poderán ter concedido outro aprazamento ou fraccionamento anterior nin poden estar reclamadas xudicial ou extraxudicialmente polo IDAE.

Que ocorre coas cotas deixadas de pagar?

Deberán ser aboadas antes da finalización da vixencia do préstamo e non poderán xerar novos intereses.

Como se tramita a solicitude?

A tramitación realizarase a través da páxina web www.idae.es mediante unha solicitude dos/as prestatarios/as na cal deberán presentar unha declaración responsable xustificativa e acreditar que non se atopan en situación concursal e se atopan ao corrente no cumprimento coas obrigas con Facenda e Seguridade Social.

MODIFICACIÓN TIPO IMPOSITIVO IVE

TIPO IMPOSITIVO 0% EN DETERMINADAS OPERACIÓNS CON BENS PRECISOS PARA COMBATER OS EFECTOS DO COVID-19

Dende o día 23 de abril de 2020 e ata o 31 de xullo de 2020, aplicarase o 0% de IVE ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de bens (incluídos no anexo do Rdlei <https://boe.es/boe/dias/2020/04/22/pdfs/BOE-A-2020-4554.pdf>) para os que os destinatarios sexan entidades de Dereito Público, clínicas ou centros hospitalarios, ou entidades privadas de carácter social.

Para estas operacións especificarase na factura como operación exenta. A aplicación do 0% de IVE non limita o dereito á dedución do IVE soportado polo suxeito pasivo que realiza a operación.

TIPO IMPOSITIVO 4% EN LIBROS, PERIÓDICOS E REVISTAS DIXITAIS

Dende o 23 de abril de 2020 aplicarase o tipo impositivo do 4% aos libros, periódicos e revistas inclusive os formatos dixitais.

OPCIÓN EXTRAORDINARIA DA MODALIDADE DE PAGOS FRACCIONADOS PREVISTA NO ARTIGO 40.3 DA LEI DO IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

PRIMEIRO PAGO FRACCIONADO DO EXERCICIO 2020 (1P/2020)

As sociedades para as cales se ampliou o prazo de presentación da autoliquidación (modelo 202) correspondente aos pagos fraccionados do IS ata o 20 de maio de 2020, e o período impositivo comezou a partir do 1 de xaneiro de 2020, poderán optar pola modalidade de pagos fraccionados prevista no artigo 40.3 da Lei do Imposto de Sociedades, mediante a presentación no citado prazo extendido da autoliquidación correspondente ao primeiro pago fraccionado aplicando esta modalidade, é dicir, poderase calcular sobre a base imponible do período referido aos meses correspondentes ao ano en curso.

As entidades que apliquen esta opción extraordinaria quedarán vinculadas a ela unicamente para os pagos fraccionados correspondentes ao mesmo período impositivo.

SEGUNDO PAGO FRACCIONADO DO EXERCICIO 2020 (2P/2020)

As sociedades que iniciasen a partir do 1 de xaneiro de 2020 o período impositivo e que non teñan dereito á opción extraordinaria anterior no primeiro pago fraccionado, e sempre que a súa cifra de negocios non supere os 6 millóns de euros durante os 12 meses anteriores á data na que se iniciou o período impositivo, poderán optar pola modalidade de pagos fraccionados prevista no artigo 40.3 da Lei do Imposto sobre Sociedades mediante a presentación no prazo do segundo pago fraccionado aplicando esta modalidade.

O primeiro pago fraccionado será deducible da cota do resto de pagos fraccionados que se efectúen a conta do mesmo período impositivo, calculados en base ao artigo 40.3.

Esta opción extraordinaria non será de aplicación para as entidades do réxime especial de consolidación fiscal.

As entidades que apliquen esta opción extraordinaria quedarán vinculadas a ela unicamente para os pagos fraccionados correspondentes ao mesmo período impositivo.

RENUNCIA TEMPORAL AO MODELO DE ESTIMACIÓN OBXECTIVA NO EXERCICIO 2020

As persoas contribuíntes por IRPF polo método de estimación obxectiva e que no prazo para a presentación do pago fraccionado do primeiro trimestre de 2020 renunciem á aplicación da estimación obxectiva, poderán volver a este método no exercicio 2021 sempre e cando cumpran os requisitos para a súa aplicación e revoquen a renuncia ao método de estimación obxectiva no prazo regulamentario.

Esta renuncia e a posterior revogación da mesma terá os mesmos efectos no réximes especiais do IVE ou IGIC.

CÁLCULO DOS PAGOS FRACCIONADOS NO MÉTODO DE ESTIMACIÓN OBXECTIVA DO IRPF E DA COTA TRIMESTRAL DO RÉXIME SIMPLIFICADO DO IVE COMO CONSECUCENCIA DO ESTADO DE ALARMA NO EXERCICIO 2020

Para as persoas contribuíntes que tributen polo método de estimación obxectiva para o IRPF ou réxime especial simplificado de IVE, non se terán en conta como días de exercicio da actividade os días naturais nos que estivese vixente o estado de alarma.

Os días naturais nos que estivo vixente o estado de alarma no primeiro trimestre do 2020 son 18 días.

USO TEMPORAL E EXTRAORDINARIO DO FONDO DE PROMOCIÓN E EDUCACIÓN DAS COOPERATIVAS

En que consiste esta medida?

En destinar o Fondo de Educación e Promoción Cooperativo das cooperativas para dotar de liquidez á entidade en caso preciso para o seu funcionamento ou a calquera outra actividade que axude a paliar a crise do Covid-19, ben dende accións propias ou mediante doazóns a outras entidades.

Cando se pode adoptar esta medida?

Durante a vixencia do estado de alarma e ata o 31 de decembro de 2020.

CHEQUE DIXITALIZACIÓN COVID-19

Quen se pode beneficiar desta axuda?

O IGAPE facilita esta axuda dirixida a entidades con centro de traballo en Galicia pertencentes a algunha das categorías seguintes:

1. Microempresas ou persoas autónomas de ata 10 persoas traballadoras pertencentes ao sectores seguintes:
 - Hostalaría e turismo: CNAE 55 (servizos de aloxamento), 56 (servizos de comidas e bebidas), 7711 (alugamento de automóbiles e vehículos de motor lixeiro), 7721 (alugamento de artigos de ocio e deportes), 79 (actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes), 9004 (xestión de salas de espectáculos), 91 (actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais), 93 (actividades deportivas, recreativas e de entretemento).
 - Comercio polo miúdo: CNAE 45 (venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas), 47 (comercio polo miúdo, excepto vehículos de motor e motocicletas).
 - Transporte: CNAE rama H (transporte e almacenamento).
 - Perruquería, estética persoal, tinturarías, servizos de reparación e outros: CNAE 95 (reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico), 9601 (lavado e limpeza de pezas téxtiles e de pel), 9602 (perrucaría e outros tratamentos de beleza), 9603 (pompas fúnebres e actividades relacionadas), 9604 (actividades de mantemento físico), 9609 (outros servizos persoais n.c.n.).
 - Formación: CNAE 8532 (educación secundaria técnica e profesional), 855 (outra educación).
2. Entidades de economía social.
3. Asociacións empresariais, clústers, colexios profesionais ou cámaras.

Que investimentos son subvencionables?

Serán subvencionables os gastos cun prazo de execución que abarque dende o 14 de marzo de 2020 e ata a data máxima de execución establecida na resolución da convocatoria e que se materialicen nos conceptos:

a) Activos dos seguintes tipos:

- Equipos informáticos, sensórica, wearables e outro equipamento electrónico.
- Licenzas de software estándar de mercado. Para comprobar que se trata dun produto, verificarase que existe unha páxina web pública dispoñible na internet onde, como mínimo, se expliquen as características do software e as condicións en que se comercializa.
- Dispositivos de conectividade cando o traballo se desenvolva nunha zona rural en que se deban realizar gastos extraordinarios para adaptar a conexión a necesidades de acceso ás redes.

b) Gastos de subscrición a software como servizo estándar de mercado (comprobado como no punto anterior) aboados por parte do solicitante durante o período de gasto subvencionable. No caso de que o sistema de adquisición supere nun ano a fin do prazo de execución da axuda, o período restante descontarase do gasto subvencionable a pro rata.

c) Colaboracións externas encamiñadas á adaptación e personalización dos sistemas dixitais e ao adestramento sobre a súa aplicación e uso.

Cal é a contía da axuda?

Será do 80% do investimento cun límite de 9.600€.

Como se tramita a axuda?

As solicitudes tramitaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario (anexo I) que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación <http://www.tramita.igape.es>, accesible dende a Sede Electrónica da Xunta de Galicia: sede.xunta.gal (Código procedemento IG300E).

Que documentación deberá aportarse?

Xunto co Anexo I deberá aportarse a seguinte documentación:

- a) Escritura ou documento xuridicamente válido de constitución, estatutos debidamente inscritos no rexistro competente, modificacións posteriores destes e acreditación da representación con que se actúa, no caso de entidades non inscritas no Rexistro Mercantil.
- b) Memoria descritiva do proxecto, que deberá ser cuberta no formulario electrónico de solicitude, e deberá conter unha descrición dos seguintes aspectos:
 - Descrición da situación actual e o problema de adaptación para o que se require o proxecto.
 - Especificación da solución que se adoptará e previsión de resultados.
 - Plan de traballo.

Cal é o prazo de presentación de solicitudes?

Dende o 19 de xuño de 2020 e ata o 30 de setembro de 2020, agás que se esgote o crédito orzamentario.

MORATORIA HIPOTECARIA PARA O SECTOR TURÍSTICO

En que consiste esta medida?

Nunha moratoria de ata 12 meses para os contratos suscritos con anterioridade ao 14/03/2020 e aplicarase aos préstamos suxeitos á normativa española que contén cunha garantía hipotecaria constituída e afecto a un inmovible no que de desenvolva unha actividade turística no territorio nacional.

Quen se pode beneficiar da moratoria?

Persoas autónomas e entidades xurídicas con domicilio social en España sempre que:

- Teña dificultades financeiras como consecuencia do Covid-19.
- O préstamo non fose obxecto doutra moratoria.
- Estea inscrita nun CNAE pertencente á actividade turística dos recollidos no Real Decreto.

Como se devolverán as cotas aprazadas?

A moratoria aplicarase ás cotas vencidas e impagadas dende o 01/01/2020.

A persoa prestataria optará para a devolución do importe aprazado entre:

- Redistribución das cotas sen modificar o prazo de vencemento nin o tipo de interese.
- Ampliación do prazo de vencemento no mesmo número de meses que a duración da moratoria.

Que ocorre se o inmovible afecto está arrendado?

Se o inmovible afecto é obxecto dun contrato de arrendamento , a persoa beneficiaria da moratoria deberá conceder á arrendataria unha moratoria do pago do alugueiro de ao menos o 70% da contía da moratoria hipotecaria, sempre e cando non se acordara previamente por ambas partes.

Cal é o prazo de solicitude?

O prazo de solicitude comeza o 7 de xullo de 2020.

MEDIDAS DE APOIO A EMPRESAS E PERSOAS AUTÓNOMAS

APRAZAMENTO DÉBEDAS TRIBUTARIAS
Durante 6 meses (4 primeiros sen intereses)

LIÑA ICO SECTOR TURÍSTICO E ACTIVIDADES CONEXAS COVID-19/ THOMAS COOK

LIÑA DE FINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA de créditos de 1 a 4 anos sen intereses e 12 meses de carencia

APRAZAMENTO REEMBOLSO DE PRESTAMOS Á SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DA PEQUENA E MEDIANA EMPRESA

LIÑA DE AVAIS PARA PEMES A PERSOAS AUTÓNOMAS cun máximo de vixencia de ata 5 anos

LIÑA DE FINANCIAMENTO PARA REESTRUTURACIÓN DE PROCESOS PRODUTIVOS PARA FABRICAR EQUIPOS DE PROTECCIÓN

APRAZAMENTO DAS COTAS DOS PRESTAMOS FORMALIZADOS COA XUNTA DE GALICIA E DE PRÉSTAMOS DE TITULARES DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS afectados pola sequía de 2017

SUSPENSIÓN PRAZO PRESENTACIÓN IMPOSTOS:
- Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados
- Sucesións e doazóns
- Tributación sobre o xogo

FLEXIBILIZACION DOS CONTRATOS SUMINISTROS

AMPLIACIÓN PRAZO PRESENTACIÓN:
- IMPOSTOS ata o 20 xuño de 2020
- PAC ata o 15 de xuño de 2020

SUBVENCIONS DO IDAE BAIXO A MODALIDADE DE PRÉSTAMO

MODIFICACIÓN TIPO IMPOSITIVO IVE

ARRENDAMENTO PARA USO DISTINTO DE VIVENDA

OPCIÓN EXTRAORDINARIA DA MODALIDADE DE PAGOS FRACCIONADOS PREVISTA NO ARTIGO 40.3 DA LEI DO IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

RENUNCIA TEMPORAL AO MODELO DE ESTIMACIÓN OBXECTIVA NO EXERCICIO 2020

USO TEMPORAL E EXTRAORDINARIO DO FONDO DE PROMOCIÓN E EDUCACIÓN DAS COOPERATIVAS

SUBVENCIÓN NO EXERCICIO 2020 A EXPLOTACIÓNS OVINAS E CAPRINAS

CHEQUE DIXITALIZACIÓN COVID-19

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ESPECIAL APOIO Á INDUSTRIALIZACIÓN

MODIFICACIÓN PARA A APORTACIÓN DE GARANTÍAS DE PRÉSTAMOS DA SGIPYME

En que consiste?

Para as convocatorias de préstamos pendentes de resolución no momento de entrada en vigor do estado de alarma, as garantías deberanse aportar con posterioridade á resolución da concesión e antes do pago de dito préstamo.

Que prazo hai para presentar as garantías?

O prazo remata o 3 de novembro de 2020, de non presentalas antes perderase o dereito ao cobro do préstamo.

REFINANCIAMENTO DE PRÉSTAMOS DA SGIPYME

De que se trata?

Nunha modificación do cadro de amortización do préstamo concedido pola SGIPYME para as/os beneficiarias/os que se visen afectadas/os polas consecuencias do Covid-19 na súa actividade.

En que consisten as modificacións?

Poderán consistir nun aumento do prazo máximo de amortización ou do prazo máximo de carencia no caso de que aínda non se producise o vencemento para o pago dalgunha cota do préstamo.

Cal é o prazo de solicitude?

Dous anos e medio a contar dende a entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, é dicir, ata o 14 de setembro de 2022.

Que documentación deberá acompañar a solicitude?

A solicitude deberá ir acompañada dunha memoria xustificativa da dificultade de atender aos pagos do préstamo, balance e conta de perdas e ganancias provisional xusto antes do período de estado de alarma, memoria técnica e económica xustificativa das inversións e declaración responsable de estar ao corrente nas obrigas fiscais, tributarias, de seguridade social e mercantís.

A que programas se aplica esta medida?

Aos programas da SGIPYME de Reindustrialización, Competitividade de Sectores Estratéxicos Industriais, Competitividade do Sector Automoción, Reindustrialización e Fortalecemento da Competitividade Industrial, Industria Conectada 4.0 e I+D+I no ámbito da industria manufactureira.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ESPECIAL APOIO A FAMILIAS E COLECTIVOS VULNERABLES

O goberno Estatal adoptou unha serie de medidas dirixidas aos colectivos vulnerables, algunhas delas terán as Comunidades Autónomas competencia para a súa tramitación.

Quen está considerado en risco de vulnerabilidade?

Todas as persoas en situación de desemprego, as afectadas por un ERTE ou redución de xornada ou as persoas autónomas que tivesen unha redución nos seus ingresos e que a renda de alugueiro máis os gastos comúns ou a cota hipotecaria máis os gastos e subministros básicos superen o 35% dos ingresos netos do fogar.

Como se acredita dita situación?

Deberan acreditar que no mes anterior á petición, os ingresos de toda a unidade familiar non superan o triplo do IPREM, é dicir, non superan 1.613,52 euros, incrementándose a cifra por fillos ou dependentes ao cargo:

- 53,78 euros por cada fillo a cargo ou 80,68 euros no caso de familias monoparentais.
- 53,78 euros por cada membro maior de 65 anos da unidade familiar.
- No caso de discapacidade > 33% ou situación de dependencia o límite será de 2.151,36 euros máis os incrementos de fillos a cargo se fose o caso.
- No caso de que a persoa obrigada a pagar a renda teña parálise cerebral, enfermidade mental, ou discapacidade intelectual >32% con discapacidade física ou sensorial ou discapacidade > 64% o límite será de 2.689,20 euros.

Como se certifica a situación de vulnerabilidade?

Será suficiente mediante unha declaración responsable aínda que nun futuro deberase demostrar cos correspondentes certificados:

- Situación de desemprego: certificado expedido pola entidade xestora das prestacións.
- Cese de actividade: certificado expedido pola Axencia Tributaria.
- Nº persoas que habitan na vivenda familiar: libro de familia ou acreditación de parella de feito, certificado de empadramento e declaración da discapacidade, dependencia ou incapacidade permanente.
- Titularidade dos bens: nota simple do Rexistro da Propiedade ou escritura de compra-venta e de concesión do préstamo.
- Declaración responsable da/s persoa/s debedora/s.

SUSPENSIÓN DO PROCEDIMENTO DE DESAFIUZAMENTO DA VIVENDA HABITUAL

De que se trata?

As persoas que acrediten atoparse en situación de vulnerabilidade e sen alternativa habitacional, suspenderáselles o procedemento de desafiuçamento ata 6 meses despois do estado de alarma, isto é que ata que se cumpran 6 meses do fin do estado de alarma non poderán ser expulsados da vivenda.

Cal é o procedemento?

A persoa arrendataria deberá acreditar que se atopa en situación de vulnerabilidade para ante o Xulgado. Logo comunicárase aos servizos sociais competentes para proceder ao inicio dunha suspensión extraordinaria do procedemento de desafiuçamento.

Que ocorre transcorridos os 6 meses?

Transcorridos 6 meses dende a finalización do estado de alarma, o procedemento de desafiuçamento reanudarase para o cómputo de días.

PRÓRROGA EXTRAORDINARIA CONTRATOS ARRENDAMENTO VIVENDA HABITUAL

De que se trata?

Dunha ampliación extraordinaria da finalización dos contratos de alugueiro de vivenda habitual que tivesen que rematar entre o 2 de abril de 2020 e dous meses despois do fin do estado de alarma.

Cal é a duración da prórroga?

A prórroga será dun máximo de 6 meses durante os cales se seguirán aplicando as mesmas condicións que as vixentes, é dicir, non se poderá subir o prezo do alugueiro durante ese período.

Como se solicita?

A solicitude terá que facela a persoa arrendataria e deberá ser aceptada polo arrendador, salvo que se fixen outros termos ou condicións entre as partes.

MODIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS RESPECTO AOS ALUGUEIROS

APLICACIÓN AUTOMÁTICA DA MORATORIA DA DÉBEDA DO ALUGUEIRO NO CASO DE GRANDES CASEIROS E EMPRESAS OU ENTIDADES PÚBLICAS

En que consiste?

A medida consta de dúas posibilidades:

- Redución do 50% da renda durante o tempo que dure o estado de alarma e as mensualidades seguintes se fose preciso en caso de permanecer a vulnerabilidade, cun máximo de 4 meses.
- Moratoria automática no pago da renda durante o período do estado de alarma e as mensualidades seguintes cun máximo de 4 meses. A moratoria consistirá nun fraccionamento das cotas (sen penalización nin intereses) durante un mínimo de 3 anos a contar dende a finalización do estado de alarma ou dos 4 meses máximos de duración desta medida.

Cando se pode aplicar?

Aplicarase cando exista situación de vulnerabilidade e a persoa propietaria sexa unha empresa ou entidade pública ou un gran caseiro, é dicir, que sexa titular de máis de 10 inmobles urbanos ou dunha superficie construída de máis de 1.500 m².

Como se elixe entre as dúas opcións?

A persoa inquilina solicitará o aprazamento temporal no prazo dun mes (ata o 2 de maio de 2020) e, de non existir acordo entre as partes, o propietario elixirá entre unha das dúas opcións.

MODIFICACIÓN EXCEPCIONAL DAS CONDICIÓNNS CONTRACTUAIS NO CASO DE ARRENDADORES QUE NON SON GRANDES CASEIROS E EMPRESAS OU ENTIDADES PÚBLICAS

En que consiste?

Na solicitude por parte da persoa inquilina en situación de vulnerabilidade do aprazamento temporal e extraordinario no pago da renda.

Cales son os prazos?

Dende o 2 de abril ata o 2 de maio de 2020, sempre e cando non se chegase a un acordo previo e voluntario entre ambas partes.

Unha vez recibida a solicitude a persoa arrendadora comunicarlle en 7 días laborais á inquilina as condicións do aprazamento ou fraccionamento da débeda ou as alternativas que considere.

Que ocorre se a persoa arrendadora non acepta ningún acordo?

A persoa inquilina poderá acollerse ao programa de axudas de financiamento promovida polo ICO.

Están en risco os ingresos por alugueiros dos pequenos propietarios?

Non, os pequenos propietarios van a percibir as rendas íntegras das súas vivendas.

LIÑA DE AVAIS DO ICO PARA A COBERTURA DO FINANCIAMENTO A ARRENDATARIOS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

En que consiste?

Nun sistema de microcréditos avalados polo ICO, sen comisións nin intereses para o arrendatario, para que poida facer fronte ao pago do alugueiro da súa vivenda habitual, sempre e cando non dispoña doutra vivenda na que poida habitar.

Quen pode solicitalo?

Arrendatarias/os con contrato de alugueiro en vigor e residentes en España e que reúnan os seguintes requisitos:

- A persoa arrendataria ou algún dos membros da unidade familiar (arrendataria/o, cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita e as/os fillas/os con independencia da súa idade, que residan na vivenda) deberá atoparse afectado por unha circunstancia que implique unha redución de ingresos debido ao Covid-19 (pasar a desemprego, ERTE, redución de xornada laboral).
- Os ingresos da unidade familiar no mes anterior á solicitude da axuda deberá ser inferior a 2.689,20 euros.
- O importe do alugueiro máis os gastos e subministros básicos deberá ser igual ou superior ao 35% dos ingresos netos que perciba a unidade familiar.

Cales son as súas características?

Os microcréditos estarán avalados polo Estado mediante o ICO e consisten en axudas cun prazo de devolución de ata 6 anos ampliables ata os 10 anos en caso de dificultades, sen intereses nin comisións e con posibilidade dun período de carencia de 6 meses.

O importe máximo será de seis mensualidades da renda con un máximo de 900 euros mensuais.

Cal é o prazo de solicitude?

Os préstamos deberán ser solicitados antes do 30 de setembro de 2020 e deberán estar formalizados antes do 31 de outubro de 2020.

Como se tramita?

As persoas interesadas deberán poñerse en contacto coas entidades bancarias adheridas coa documentación que acredite a situación de vulnerabilidade para proceder a súa tramitación:

- Certificado do SEPE que acredite a situación de desemprego (en caso de situación legal desemprego).
- Certificado AEAT sobre a declaración de cese de actividade (en caso de cese actividade de persoas traballadoras por conta propia).

- Libro de familia ou documento de parella de feito e certificado de empadramento con referencia ao momento da solicitude da axuda.
- Certificado catastral ou nota simple da titularidade dos bens de todos os membros da unidade familiar.
- Declaración responsable da persoa arrendataria relativa ao cumprimento dos requisitos esixidos para a axuda.

Como sei que entidades están adheridas?

Na páxina web do ICO www.ico.es figura o listado das entidades adheridas. Dito listado actualízase diariamente conforme se vaian subscribindo novos convenios de colaboración.

AXUDAS PARA MINIMIZAR O IMPACTO DO COVID-19 NOS ALUGUEIROS DE VIVENDA HABITUAL

En que consiste?

Nun programa de axudas mediante adxudicación directa para as persoas en situación de vulnerabilidade e con problemas para facer fronte á devolución dos préstamos concedidos para o alugueiro como consecuencia do Covid-19.

A finalidade é axudar aos fogares vulnerables que non poidan facer fronte á devolución dos préstamos obtidos para o pago de alugueiros.

A quen está dirixida?

A persoas físicas que acrediten cumprir os seguintes requisitos:

- A persoa obrigada a pagar o alugueiro se atope en situación de desemprego, ERTE ou redución de xornada por motivo de coidados, e no caso de traballar por conta propia, atoparse en circunstancias similares que supoñan unha perda substancial de ingresos e non alcanzar no conxunto da unidade familiar o límite de ingresos dende a declaración do estado de alarma e ata un mes despois da súa finalización. Os límites serán:
 - 1.613,52€, con carácter xeral.
 - O límite aumentará en 53,78€ por cada fillo a cargo da unidade familiar ou en 80,67€ por cada fillo no caso de unidade familiar monoparental.
 - O límite incrementarase en 53,78€ por cada membro da unidade familiar maior de 65 anos.
 - 2.151,36€ no caso de que algún dos membros da unidade familiar teña unha discapacidade $\geq 33\%$, situación de dependencia ou enfermidade que o incapacite acreditadamente de forma permanente para realizar unha actividade laboral; sen prexuízo dos incrementos por fillo a cargo.
 - 2.689,20€ no caso de que a persoa obrigada a pagar o alugueiro sexa unha persoa con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade $\geq 33\%$, ou persoa con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade $\geq 65\%$, así como nos casos de enfermidade grave que incapacite acreditadamente á persoa enferma ou á persoa coidadora para realizar unha actividade laboral.
- O importe da renda máis os gastos e subministros básicos (electricidade, gas, calefacción, auga, teléfono e comunidade de propietarios) do mes anterior á solicitude da axuda sexan $\geq 35\%$ dos ingresos netos da unidade familiar .

- Ningunha das persoas da unidade familiar pode ser propietaria ou usufrutuaria doutra vivenda en España.
- Nacionalidade española ou residir legalmente en España.
- Dispoñer dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano.
- A vivenda arrendada constitúa a vivenda habitual e permanente da unidade familiar, é dicir, as persoas integrantes da unidade familiar deberán estar empadroadas nese domicilio na data de presentación da solicitude.
- Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Non estar incurso nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e/ou no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Non ter parentesco de primeiro ou segundo grao coa persoa arrendadora nin ser socias ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora.
- Non ter sido obxecto dunha resolución de revogación ou reintegro dunha axuda deste plan de vivenda ou doutro anterior, por causa que lle sexa imputable.

Cal é a contía da axuda?

Será de ata 500 euros ao mes como máximo ou de ata o 100% do alugueiro (no caso de que non supere o límite dos 500€).

Cal é a duración da axuda?

A axuda poderase conceder por un prazo máximo de 6 meses, podendo comezar coa mensuralidade correspondente ao mes de abril de 2020.

Cal é o prazo de solicitude?

Dende o 25 de maio de 2020 e ata o 30 de setembro de 2020, agás que se esgote con anterioridade o crédito orzamentario.

Como se tramitará?

As solicitudes dirixiranse ao Instituto Galego de Vivenda e Solo preferentemente de forma telemática a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=VI432E&ano=2020&numpub=1&lang=es>

Deberase cumprimentar o Anexo I e Anexo II e, a maiores, aportar a seguinte documentación:

- Documento acreditativo da representación, en caso de que a solicitude a presente outra persoa que non sexa a interesada.
- Certificado da AEAT do cesamento da actividade no caso de persoas autónomas.
- Certificado de empresa que acredite a inclusión no ERTE no caso de que a persoa solicitante se atope en ERTE.
- Libro de familia ou documento acreditativo de parella de feito.
- Certificado de empadramento na vivenda, con referencia ao momento da presentación da solicitude e aos 6 meses anteriores.
- Declaración de discapacidade, dependencia ou incapacidade permanente no caso de non ser expedida pola Xunta de Galicia.
- Nota Simple do Rexistro da Propiedade ou documento que acredite que no é titular de ningunha vivenda, no caso de que algunha persoa da unidade familiar conste como titular catastral dunha vivenda.
- Documento acreditativo de non ter a dispoñibilidade da vivenda da súa propiedade ou que lle resulta inaccesible, se é o caso.

- Contrato de alugueiro da vivenda, cunha duración mínima dun ano e con mención da referencia catastral e do medio de forma de pagamento á persoa arrendadora.
- Xustificantes de pago das 3 últimas mensualidades da renda anteriores ao mes para o cal se solicita a axuda (extractos ou certificados bancarios). No caso de que o contrato estea vixente cun prazo inferior, xustificantes dende o inicio do contrato.
- Documento acreditativo do número de conta bancario da persoa arrendadora, no caso de que non conste no contrato nin nos xustificantes de pagamento.
- De ser o caso, xustificante bancario do préstamo ICO formalizado onde conste o número de conta do acredor.
- Anexo II de declaración responsable das persoas integrantes da unidade familiar, no caso de que estea integrada por máis dunha persoa.
- Documentación acreditativa dos ingresos da persoa solicitante e da súa unidade familiar correspondentes ao mes anterior ao da presentación da solicitude:
 - Nóminas ou xustificantes dos rendementos do traballo.
 - Certificados ou xustificantes do importe mensual de prestacións, subsidios ou pensións das Administracións Públicas.
 - Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.
 - No caso de persoas empresarias, xustificación da redución dos ingresos.
- Documentación acreditativa dos gastos e subministros básicos da vivenda habitual que satisfaga a persoa arrendataria e relativos ao mes anterior ao de presentación da solicitude.

AXUDAS ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, PERSOAS OBXECTO DE DESAFIUZAMENTO DA VIVENDA HABITUAL, PERSOAS SEN FOGAR E OUTRAS PERSOAS ESPECIALMENTE VULNERABLES

En que consiste?

Nun programa dirixido a persoas vítimas de violencia de xénero, obxecto de desafiuamento, sen fogar ou especialmente vulnerables no cal as Administracións Públicas poñerán á súa disposición unha vivenda de titularidade pública ou privada pero cedida para uso dun organismo público.

Cal é a contía da axuda?

A axuda poderá ser de ata 600€ ao mes ou do 100% do alugueiro (en determinados supostos poderá ser de ata 900€ ao mes ou do 100% do alugueiro) e de 200€ ao mes ou o 100% para gastos de mantemento, comunidade e subministros básicos.

Cal é o prazo da axuda?

O prazo máximo da axuda será de 5 anos podendo comezar retroactivamente nos 6 meses anteriores aos que a persoa beneficiaria non puidese facer fronte ao pago da renda e os gastos.

Como se tramita?

Serán as Comunidades Autónomas as que poderán conceder estas axudas de forma inmediata e mediante adxudicación directa coa debida acreditación de vítima de violencia de xénero, desafiuamento, sen fogar ou especial vulnerabilidade e con informe dos servizos sociais autonómicos ou locais.

MORATORIA DA DÉBEDA HIPOTECARIA INMOBILIARIA

A quen está dirixida?

Aos colectivos en situación de vulnerabilidade como consecuencia do Covid-19 e que teñan contratado un préstamo hipotecario para a adquisición de vivenda habitual, inmobles afectos á actividade económica desenvolvida por empresarias/os ou profesionais e vivendas distintas á habitual en situación de alugueiro para as que a persoa propietaria deixase de percibir a súa renda dende a entrada en vigor do estado de alarma ou a deixe de percibir ata un mes despois do seu remate.

En que consiste?

No aprazamento do préstamo hipotecario por un prazo de 3 meses. Durante dito período non se poderá aplicar a cláusula de vencemento anticipado, nin intereses moratorios nin se poderá esixir o pago da cota hipotecaria.

Cal é o prazo de solicitude?

As persoas interesada deberán tramitar a solicitude como data límite 15 días despois da vixencia do estado de alarma. Unha vez realizada a solicitude, a entidade bancaria dispón de 15 días para a súa implantación.

Que ocorre cos créditos de consumo?

A moratoria das hipotecas amplíase aos créditos de consumo subscritos por persoas en situación de vulnerabilidade.

GARANTÍA DE SUBMINISTROS BÁSICOS

Pódese cortar algún subministro básico por impago de facturas?

Non, mentres estea en vigor o estado de alarma, as empresas subministradoras de luz, gas e auga non poderán suspender o servizo a ningún cidadán na súa vivenda habitual.

Durante o mencionado período non computarán os efectos dos prazos comprendidos entre o requirimento do pago e a suspensión do subministro.

Pódese cortar o subministro a unha persoa que non está en situación de vulnerabilidade?

Non, durante o estado de alarma garántese o subministro a todos os cidadáns na súa vivenda habitual.

Que ocorre no caso de empresas?

Aplícase unha moratoria no pago de subministros a persoas autónomas e Pemes e tamén poderán adaptar os seus contratos ás novas realidades de consumo sen penalización.

BONO SOCIAL DE ELECTRICIDADE

Que é o bono social?

É un desconto na factura eléctrica que afecta a determinados consumidores. A consecuencia do Covid-19, ampliáronse os beneficiarios polo que os descontos quedan da seguinte forma:

- 25% para consumidores vulnerables
- 40% para consumidores vulnerables severos
- 100% para consumidores en risco de exclusión social que están a ser atendidos polos servizos sociais dunha administración autonómica ou local que pagan ao menos o 50% da factura.
- 25% para consumidores vulnerables afectados polo Covid-19 debido a que tiveron que cesar a actividade ou reduciron a facturación nun 75% respecto ao semestre anterior (persoas autónomas).

Cales son os requisitos para solicitalo?

Para poder solicitar o bono social é preciso:

- Ter contratado o prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC), é dicir, ter un contrato no que o pagado pola electricidade consumida é directamente o prezo da enerxía que resulta do mercado máis impostos e peaxes, e a potencia contratada non supera os 10kW.
- Requisitos persoais, familiares e de renda en función da tipoloxía de consumidor:
 1. **Consumidor vulnerable:** debe cumprir algún dos seguintes requisitos:
 - Renda conxunta anual da unidade familiar:
 - Se non hai ningún menor na unidade familiar: $\leq 11.279 \text{ €}$
 - Se hai 1 menor na unidade familiar: $\leq 15.039 \text{ €}$
 - Se hai 2 menores na unidade familiar: $\leq 18.799 \text{ €}$
 - Estar en posesión do título de familia numerosa.
 - Todos os ingresos da unidade familiar proveñan de pensións do Sistema da Seguridade Social (xubilación ou incapacidade permanente), e non percibir outros ingresos que superen os 500€ anuais. Ditas pensións deberán ser da contía mínima vixente en cada momento.
 2. **Consumidor vulnerable severo:** debe cumprir algún dos seguintes requisitos:
 - Renda anual da unidade familiar:
 - Se non hai ningún menor na unidade familiar: $\leq 5.639,50 \text{ €}$
 - Se hai 1 menor na unidade familiar: $\leq 7.519,50 \text{ €}$
 - Se hai 2 menores na unidade familiar: $\leq 9.399,50 \text{ €}$
 - Se dispón do título de familia numerosa: $\leq 15.039 \text{ €}$
 - Os ingresos que percibe a unidade familiar proveñen dunha pensión mínima, e non perciben outros ingresos superiores a 500€, a renda anual debe ser $\leq 7.520 \text{ €}$.

3. Consumidor en risco de exclusión social:

O titular do contrato debe cumprir cos requisitos de consumidor vulnerable severo e, ademais, ser atendido polos servizos sociais dunha Administración Local ou Autonómica que financien ao menos do 50% do importe da súa factura a PVPC. No caso de imposibilidade temporal para facer fronte ao pago, non se poderá interromper o subministro eléctrico.

4. Consumidor vulnerable por causas vinculadas ao Covid-19:

Poderán ser novos beneficiarios por circunstancias económicas relacionadas co Covid-19 as persoas autónomas que tivesen que cesar a súa actividade ou reducisen a facturación en máis dun 75% respecto ao semestre anterior a causa do Covid-19.

Ademais, a renda anual da unidade familiar deberá cumprir os seguintes límites:

- Se non hai ningún menor na unidade familiar: ≤ 18.799 €
- Se hai 1 menor na unidade familiar: ≤ 22.559 €
- Se hai 2 menores na unidade familiar: ≤ 26.318 €

A condición de consumidor vulnerable por causas vinculadas ao Covid-19 extinguirase cando deixen de concorrer as circunstancias da actividade económica mencionadas. O consumidor está obrigado a comunicar este feito á empresa comercializadora.

Esta condición non poderá superar os 6 meses e comezará a contar a partir do primeiro día do ciclo de facturación no que teña lugar a recepción da solicitude.

Circunstancias especiais:

Os límites de renda anuais incrementaranse en 3.760 € máis cando:

- O consumidor ou algún dos membros da unidade familiar teña unha discapacidade ≥ 33%.
- O consumidor ou algún dos membros da unidade familiar acredite a situación de violencia de xénero.
- O consumidor ou algún dos membros da unidade familiar teña a condición de vítima de terrorismo.
- O consumidor ou algún dos membros da unidade familiar se atope en situación de dependencia de grado II ou III.
- O consumidor acredite que a unidade familiar está composta por un único proxenitor e ao menos un menor (familias monoparentais).

Como se tramita a solicitude?

Debe ser o consumidor quen o solicite á súa compañía comercializadora, a cal ten a obriga de ofrecer e financiar o bono social.

INGRESO MÍNIMO VITAL

En que consiste?

Nunha prestación da Seguridade Social que garantirá uns ingresos mínimos mensuais aos fogares en situación de especial vulnerabilidade.

Como se percibirá a prestación?

Percibirase mensualmente e estará estruturada en 12 pagas.

Dende cando se percibirá?

Dende o primeiro día do mes seguinte á data de presentación da solicitude, agás se se tramita ata o 15 de setembro que se percibirá dende o 1 de xuño.

Quen se poderá beneficiar desta prestación?

Poderanse beneficiar desta prestación persoas individuais ou unidades de convivencia:

- Persoas individuais:
 - Persoas entre 23 e 65 anos que vivan soas ou que aínda que compartan domicilio, non formen parte da unidade de convivencia posto que:
 - ✓ Non están casadas, salvo que iniciasen os trámites de separación ou divorcio.
 - ✓ Non están inscritas como parella de feito.
 - ✓ Non forman parte doutra unidade de convivencia.
 - ✓ Viviron de forma independente ao menos durante os 3 anos anteriores á solicitude, salvo que abandonasen o fogar por ser vítimas de violencia de xénero ou iniciasen trámites de separación ou divorcio. Enténdese que viviu de forma independente se estivo de alta na Seguridade Social ao menos 12 meses, continuos ou non, e se acredita un domicilio distinto ao dos proxenitores, titores ou acolletores durante ao menos os 3 anos.
 - Mulleres maiores de idade vítimas de violencia de xénero, trata de seres humanos ou explotación sexual.
 - Non teñen dereito á prestación as persoas usuarias dunha prestación de servizo residencial, carácter social, sanitario ou sociosanitario, con carácter permanente e financiada con fondos públicos, salvo se se trata de vítimas de violencia de xénero, trata de seres humanos ou explotación sexual.
- Unidade de convivencia:
 - Estará formada por:
 - ✓ Persoas que vivan no mesmo domicilio, estean unidas por vínculo matrimonial ou parella de feito, e os seus familiares ata o segundo grao.
 - ✓ Persoa vítima de violencia de xénero que abandonase o domicilio familiar xunto cos descendentes ata o segundo grao.
 - ✓ Persoa que iniciase os trámites de separación ou divorcio e os descendentes ata o segundo grao.
 - ✓ Persoas maiores entre 23 e 65 anos que convivan no mesmo domicilio e que vivisen de forma independente durante ao menos os 3 anos anteriores á solicitude. Estas unidades de convivencia ou unha persoa individual pode compartir vivenda con outra unidade de convivencia constituída por membros dunha familia ou relación análoga.

- A unidade de convivencia debe estar constituída durante ao menos o ano anterior á solicitude, salvo nos seguintes casos:
 - ✓ Mulleres que tivesen que abandonar o seu domicilio por ser vítimas de violencia de xénero, acompañadas dos descendentes ata o segundo grao.
 - ✓ Persoas que iniciasen os trámites de separación ou divorcio e os seus descendentes ata o segundo grao.
 - ✓ Vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual.
 - ✓ Supostos de integración na unidade de convivencia por nacemento, adopción, garda ou acollemento permanente.
 - ✓ Outros supostos determinados reglamentariamente.
- A separación transitoria por razón de estudos, traballo, tratamento médico, rehabilitación ou outras similares non se considera que rompe coa unidade familiar.
- Unha mesma persoa non poderá formar parte de máis dunha unidade familiar.

Que requisitos hai que cumprir?

- Ter residencia en España durante ao menos o ano anterior á presentación da solicitude salvo nos supostos de nacemento, adopción, garda ou acollemento permanente, vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual e mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Ter solicitadas as pensións e prestacións ás que se poida ter dereito. Exceptúanse salarios sociais, rendas mínimas de inserción e axudas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas.
- Estar inscritos como demandantes de emprego.
- Non ser administrador de dereito dunha sociedade mercantil ningún dos membros da unidade de convivencia ou a persoa individual.
- Estar en situación de vulnerabilidade económica:
 - ✓ Ingresos: o promedio mensual de ingresos e rendas anuais computables do exercicio anterior á data de solicitude é inferior en 10 ou máis euros á contía mensual garantida polo ingreso mínimo vital que corresponde segundo a modalidade e número de membros da unidade de convivencia. Non computan como ingresos os salarios sociais, rendas mínimas de inserción e axudas de asistencia social concedidas polas comunidade autónomas.
 - ✓ Patrimonio: non poderá estar valorado, sen incluír a vivenda habitual, nun importe igual ou superior ao da táboa seguinte en función do tamaño e composición da unidade de convivencia:

	Límite euros
Un adulto	16.614,00 €
Un adulto e un menor	23.259,60 €
Un adulto e dous menores	29.905,20 €
Un adulto e tres ou máis menores	36.550,80 €
Dous adultos	23.259,60 €
Dous adultos e un menor	29.905,20 €
Dous adultos e dous menores	36.550,80 €
Dous adultos e tres ou máis menores	43.196,40 €
Tres adultos	29.905,20 €
Tres adultos e un menor	36.550,80 €
Tres adultos e dous ou máis menores	43.196,40 €
Catro adultos	36.550,80 €
Catro adultos e un menor	43.196,40 €
Outros	43.196,40 €

Cal é a contía e duración da prestación?

A duración da prestación será indefinida sempre e cando a persoa beneficiaria cumpra os requisitos esixidos.

A contía será a diferenza entre a renda garantida e o conxunto de rendas e ingresos da unidade de convivencia, sempre que dita diferenza sexa igual ou superior a 10 euros mensuais. Os importes de renda garantida para o ano 2020 son:

	Euros/ano	Euros/mes
Un adulto	5.538,00 €	461,50 €
Un adulto e un menor	8.417,76 €	701,48 €
Un adulto e dous menores	10.079,16 €	839,93 €
Un adulto e tres ou máis menores	11.740,56 €	978,38 €
Dous adultos	7.199,40 €	599,95 €
Dous adultos e un menor	8.860,80 €	738,40 €
Dous adultos e dous menores	10.522,20 €	876,85 €
Dous adultos e tres ou máis menores	12.183,60 €	1.015,30 €
Tres adultos	8.860,80 €	738,40 €
Tres adultos e un menor	10.522,20 €	876,85 €
Tres adultos e dous ou máis menores	12.183,60 €	1.015,30 €
Catro adultos	10.522,20 €	876,85 €
Catro adultos e un menor	12.183,60 €	1.015,30 €
Outros	12.183,60 €	1.015,30 €

Como se determina a contía en caso de custodia compartida das persoas menores?

Neste caso considerarase que forman parte da unidade familiar onde se atopan domiciliadas.

Habrá exención para a prestación farmacéutica?

Ao igual que ocorre con outras pensións/prestacións, as persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital estarán exentas da aportación á prestación farmacéutica ambulatoria.

Como se solicita a prestación?

As solicitudes tramitaranse preferiblemente de forma telemática a través da Sede Electrónica da Seguridade Social: <https://bit.ly/2zE2LDb> . Pódese empregar esta Sede tanto se se dispón de certificado dixital como se non é o caso.

A Seguridade Social está a traballar para firmar convenios cos concellos para que tamén se podan solicitar nestas entidades.

Que documentación deberá acompañar a solicitude?

Coa solicitude deberase aportar a seguinte documentación:

- Acreditación da identidade: DNI, libro de familia ou certificado de nacemento, DNI do país de orixe ou pasaporte.
- Acreditación residencia legal en España: inscrición no rexistro central de estranxeiros, tarxeta familiar de cidadá da Unión ou autorización de residencia.
- Acreditación do domicilio en España: certificado de empadramento.
- Acreditación da existencia da unidade de convivencia: libro de familia, certificado do rexistro civil, inscrición nun rexistro de parellas de feito ou certificado de empadramento na mesma vivenda.

Cal é o prazo de presentación?

Poderanse presentar as solicitudes dende o 15 de xuño de 2020.

As solicitudes presentadas ata o 15 de setembro de 2020 terán efectos retroactivos dende o 1 de xuño de 2020.

Pódese cobrar esta prestación e traballar ao mesmo tempo?

Poderase compatibilizar sempre que os ingresos das remuneracións salariais non superen o límite establecido. Calcularanse en función da diferenza entre os ingresos e o límite de renda básica que corresponda segundo o caso.

Protexerá esta prestación ás persoas máis afectadas polas consecuencias económicas do Covid-19?

Como regra xeral, teranse en conta os ingresos do ano inmediatamente anterior, aínda que para atender as situacións de vulnerabilidade xeradas polo Covid-19 tamén se poderá recoñecer para as solicitudes cursadas no exercicio 2020 tendo en conta a situación de ingresos deste ano.

Como podo saber se teño dereito á prestación?

A Seguridade Social habilitou un simulador <https://ingreso-minimo-vital.seg-social-innova.es/simulador> que, tras responder unha serie de preguntas, indica se a persoa cumpre os requisitos para ser beneficiaria así como da cantidade aproximada que percibiría.

BONO COIDADADO EXTRAORDINARIO

En que consiste esta medida?

Nunha axuda da Concellería de Política Social de ata 500€ ao mes para as nais, pais, titoras/es ou persoas que teñan en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva nenas ou nenos de ata 12 anos (incluídos) de idade.

Que gastos pode subvencionar esta axuda?

Poderase subvencionar os gastos relativos a:

- Contratación dunha persoa empregada do fogar para o coidado das/os menores ou ampliación dun contrato preexistente para esta finalidade.
- Contratación dunha empresa para servizos de atención á infancia a domicilio.
- Pase dunha situación de excedencia ou de redución de xornada por coidado de fillos/as sempre que supoña unha redución das retribucións.

Que período é subvencionable?

Subvencionaranse os gastos comprendidos entre o 16 de marzo de 2020 e a data na que se levante a suspensión das actividades como medida preventiva de saúde pública nas escolas infantís 0-3 e nos centros de ensinanza non universitarios non podendo estenderse máis alá do presente exercicio.

Que requisitos hai que cumprir?

As nais, pais, titoras/es, ou as persoas que se atopen en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva poderanse beneficiar sempre e cando cumpran os requisitos seguintes:

- Ter unha nena ou neno nacida/o con posterioridade ao 31 de agosto de 2007.
- Ambos proxenitores, ou o único no caso de familias monoparentais ou proxenitores con custodia compartida, deben atoparse traballando. Se a custodia é compartida, este requisito entenderase referido ao tempo no que esta se exerza efectivamente, debendo presentar cada proxenitor unha solicitude individual.
- O importe dos salarios netos da unidade familiar non deberá superar os 2.500€ ou, de superalos, por cada membro da unidade familiar (incluídos/as os/as menores) non poderá superar os 806€.

Como se tramita a solicitude?

As solicitudes deberán tramitarse obrigatoriamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (código procedemento BS900C): <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS900C&ano=2020&numpub=1&lang=es>

Cal é o prazo de tramitación?

Dende o 13 de xuño ao 13 de xullo de 2020.

Que documentación se deberá aportar xunto coa solicitude?

1. Anexo I: Solicitude
2. Anexo II: comprobación datos membros da unidade familiar.
3. Certificado de empadramento das persoas menores que non dispoñan de DNI.
4. Certificado da empresa na que traballe cada proxenitor, acreditativo de que está traballando, do horario de traballo e do período de desfrute das vacacións na anualidade 2020 ou declaración responsable destas circunstancias e alta censal (modelo 036) e alta na Seguridade Social no caso de persoas autónomas.
5. Nóminas do último mes respecto da data de presentación da solicitude de todos os membros da unidade familiar que estean traballando por conta allea. No suposto de persoas autónomas modelo 130 ou 131 do primeiro trimestre 2020.
6. Copia do libro de familia ou documento que acredite oficialmente a situación familiar.
7. No suposto de excedencia ou redución de xornada para o coidado de fillos/as:
 - Certificado de empresa acreditativo.
 - Documento da Seguridade Social que acredite a baixa por excedencia.
8. Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a adopción ou a garda con fins adoptivos, no seu caso, cando se trate de adopcións formalizadas por outra Comunidade Autónoma.
9. Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a situación de tutela, no seu caso, solo cando se trate de tutelas formalizadas por outra Comunidade Autónoma.
10. Copia da resolución administrativa de acollemento familiar, no seu caso, cando se trate de acollementos formalizados por outra Comunidade Autónoma.
11. Documentación acreditativa da monoparentalidade, cando fose expedida por outra Comunidade Autónoma.
12. Certificado de convivencia e sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais, nos casos de familias con custodia compartida ou formadas por unha soa persoa proxenitora como consecuencia de separación legal, divorcio ou outras situacións análogas.

DEVOLUCIÓN DE TAXAS E PREZOS PÚBLICOS

En que consiste esta medida?

Consiste en non cobrar ou devolver os importes xa pagados das taxas e prezos públicos relacionados con servizos ou actividades prohibidas ou suspendidas dende a declaración do estado de alarma.

A que taxas e prezos públicos afecta?

Afecta ás seguintes taxas e prezos públicos:

- Taxa por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona ORA).
- Taxa por prestación dos servizos da Piscina Municipal.
- Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes e públicos. Escola de Música e Escolas Deportivas Municipais.
- Taxa polo servizo de mercado, no que se refire ao mercadiño dos mércores, sábados e ao de artesanía na rúa Rodríguez Murias.
- Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con elementos con finalidade lucrativa, no que atinxe a terrazas.
- Taxa pola utilización ou reserva de espazos públicos e inmobles de uso público no Concello de Ribadeo.
- Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construción, entullos, valos, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas, na medida en que fosen suspendidas as autorizacións para a execución das obras a que se refiran.
- Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, para aqueles usuarios para os que lles foi, por unha causa ou outra, suspendido o servizo.

Que ocorre cos establecementos que tiveron que pechar polo Covid-19?

Aos establecementos que tiveron que suspender a súa actividade como consecuencia do Covid-19 aplicaráselles unha devolución ou suspensión do cobro das taxas seguintes:

- Taxa por recollida de lixo. Afectará ás actividades suspendidas polo estado de alarma. Neste caso será precisa solicitude previa dos interesados, e acreditarase mediante a presentación da declaración censal ou certificado da AEAT do IAE da anualidade do 2020, cuxo epígrafe se axuste ás actividades suspendidas. No caso de que as solicitudes se presenten con posterioridade ao fin do prazo de pagamento e xa se tivera producido este, procederse á devolución correspondente.

- Taxa por subministración de auga potable. Afectará ás actividades suspendidas polo estado de alarma. Neste caso será precisa solicitude previa dos interesados e acreditarase mediante a presentación da declaración censal ou certificado da AEAT do IAE da anualidade do 2020, cuxo epígrafe se axuste ás actividades suspendidas. Neste caso comprobarase ademais de oficio, se é posible tecnicamente, que non existen consumos nos prazos sinalados, o que impediría a aplicación do disposto no presente apartado. No caso de que as solicitudes se presenten con posterioridade ao fin do prazo de pagamento e xa se tivera producido este, procederse á devolución correspondente.

Non será aplicable ao primeiro bimestre de 2020. Ademais establécese un período de pagamento voluntario de 90 días para aqueles usuarios que están obrigados ao pagamento.

SERVIZO DE INFORMACIÓN



O Concello de Ribadeo dispón dun servizo de información para a cidadanía. As persoas que precisen ampliar a información desta guía ou teña algunha dúbida acerca das medidas e axudas adoptadas como consecuencia do Covid-19 pode chamar ao teléfono **679 874 901**. O servizo está dispoñible de luns a venres en horario de 9 a 14 horas.